Sobre a opinión do Goberno galego respecto das consecuencias de que as desgravacións fiscais aos patrocinadores do Xacobeo non se estendan ata o 31 de decembro de 2023

- 29439 (11/PUP-000232)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre a necesidade de ofrecer bacharelato de artes no concello de Redondela

- 29457 (11/PUP-000233)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Francisco Rivera, Juan Carlos

Sobre o funcionamento do transporte interurbano de viaxeiros por estrada na comarca do Eume

1.4.4.1.3. Preguntas ao presidente da Xunta de Galicia

Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 29456 (11/POPX-000055)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as liñas estratéxicas do Goberno galego para facer efectivo o acceso á vivenda

- 29458 (11/POPX-000056)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para que a mocidade galega deixe de estar á cola en emancipación

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2022

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 26 de xaneiro, sobre a política do Goberno galego en relación relación coa licitación do contrato da planta de incineración de Sogama en Cerceda (doc. núm **21993**, [11/INT-001173]).

Moción

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Defender un acordo de mínimos na política de residuos baseado na complementariedade entre sistemas, na aplicación da xerarquía de residuos, nos principios da economía circular e na cooperación entre a Xunta e as administracións que impulsan sistemas de xestión de residuos. Para o desenvolvemento deste novo marco terase en conta as directivas comunitarias e a lexislación estatal e galega.
2. Promover a creación dun grupo de traballo coa FEGAMP e coas administracións que promoven sistemas de tratamento de residuos para o desenvolvemento normativo e o cumprimento das obrigas que se teñen que aplicar nos próximos meses.
3. Establecer medidas de control e vixilancia na xestión dos plásticos procedentes de actividades agrarias coa finalidade de evitar o traslado masivo desde outras comunidades a Galiza e a súa utilización como combustíbel para a incineración.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Tramitar a Estratexia galega de biorresiduos como plan ou proxecto para todo o territorio galego, que inclúa todos os sistemas de xestión, que fomente o tratamento de proximidade mediante a compostaxe domiciliaria e comunitaria así como a agrocompostaxe. Asemade, someter a Estratexia ao procedemento de avaliación de impacto ambiental.

5. Revisar os criterios das convocatorias de axudas para a xestión dos biorresiduos de maneira que se teña en conta a realidade actual do país e os obxectivos a acadar, que non se exclúan os concellos non integrados en SOGAMA, e que non se deixen fóra das axudas para compostaxe comunitaria os concellos de menos de 3.000 habitantes.

6. Trasladar aos grupos parlamentares o estudo sobre medidas fiscais relacionadas coa incineración e o vertido, que se recolle na Estratexia galega de economía circular 2020-2030.

7. Levar a cabo a avaliación do Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galiza que remata en 2022 para a seguir iniciar a elaboración participativa do novo plan galego de xestión de residuos e do programa galego de prevención de residuos.”

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 28/01/2022 14:02:05





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Ramón Fernández Alfonzo**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 26 de xaneiro, sobre a política da Xunta de Galiza en relación coa crise industrial que asola Galiza (doc. núm **11407**, [11/INT-000660]).

Moción

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Elevar o financiamento en I+D+i até o 2,5% do PIB.
2. Constituír o INNOGAL, organismo dedicado á retención, recuperación, e captación de talento.
3. Impulsar unha Mesa Galega da Automoción na que estean presentes a Xunta de Galiza, o actual cluster empresarial, as tres centrais sindicais máis representativas de Galiza, e as tres Universidades.
4. Promover un Plan Galego pola Automoción, que promova a instalación na Galiza de novos actores e actividades industriais relacionados co sector, que rachen coa excesiva dependencia actual dun único gran fabricante, e que garantan a produción na Galiza de aqueles compoñentes críticos e de máis valor engadido en función dos novos sistemas de mobilidade: fábrica de celas de baterías eléctricas, fábrica de





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGU

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

semicondutores, fábrica de pilas de hidróxeno, motores de tracción, cargadores de abordo, novos sistemas de tracción, inversores, controladores, portos de carga...

5. Impulsar un Plan galego para a descarbonización do transporte colectivo por estrada. Diseñar en colaboración con sindicatos e empresas do transporte e da automoción, unha estratexia para descarbonizar as liñas de transporte colectivo por estrada concesionadas pola Xunta de Galiza, incentivando o deseño e construción dos vehículos nas fábricas galegas.

6. Promover un Plan galego para o sector dos carburantes e biocarburantes contando coa participación de todas as organizacións sindicais que teñen a consideración legal de máis representativas e demais axentes sociais, incluíndo neste Plan as previsións e medidas necesarias para a transformación de refinerías en biorrefinerías, así como a transición cara os biocombustíbeis de segunda xeración con materias primas sustentábeis procurando as sinerxías con outras industrias para a elaboración de subprodutos, e apostando polo biocombustíbel como combustíbel de transición na mobilidade até que se consigan os obxectivos marcados para a mobilidade eléctrica.

7. Impulsar un Plan industrial e de emprego para a comarca da Mariña incluíndo a apertura para usos comerciais do dique norte San Cibrao-Morás.

8. Garantir o re arranque das cubas de Alcoa e demais investimentos comprometidos a máis tardar nos prazos estipulados, impulsando a intervención pública da factoría en caso de incumprimento.

9. Artellar un Plan de rescate da empresa ALU IBÉRICA, con participación pública tanto no capital social como na dirección estratéxica da empresa, cando menos en tanto non exista unha sociedade privada que presente un plan solvente e con garantías.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

10. Esixir a entrada da Xunta no Consello de administración de Navantia en aplicación do Estatuto de autonomía e da Lei de fomento do sector naval de Galiza.

11. Promover a constitución dun Complexo integral da construción naval na ría de Ferrol, co obxectivo de recuperar, potenciar e diversificar actividades, nomeadamente recuperar a construción naval civil apostando pola I+D+i e por introducirse nas tecnoloxías vinculadas á descarbonización da mobilidade marítima.

12. Impulsar un Plan de rescate do estaleiro Barreras con participación pública tanto no capital social como na dirección estratéxica da empresa.

13. Artellar un Plan de impulso e recuperación da actividade da construción naval no antigo estaleiro Vulcano.

14. Constituír un Centro tecnolóxico da construción naval de carácter estable na cidade de Ferrol en colaboración coa UDC e Navantia.

15. Promover un Plan galego para promover o peche de ciclos da madeira, coa constitución dun Complexo industrial para a transformación e 2ª transformación de produtos derivados da madeira.

16. Constituír unha empresa pública de enerxía a partir da recuperación das concesións dos aproveitamentos hidráulicos, das que vaian vencendo sucesivamente, e aquelas nas que o concesionario estea a incumprir os termos da concesión.

17. Impulsar un Plan galego de desenvolvemento eólico que vincule a autorización da instalación de potencia eólica a que as sociedades promotoras impulsen ou participen proxectos industriais.

18. Crear un centro para a I+D+i no almacenamento de enerxía na localidade das Pontes.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

19. Esixir á empresa Xeal o rigoroso cumprimento dos termos das concesións hidroeléctricas relativos ao mantemento do emprego industrial na comarca, ou recuperar as concesións e asumir, aínda que temporalmente, a titularidade das fábricas.

20. Promover un Plan para o fomento da actividade tecnolóxica e industrial, para impulsar e fomentar novas actividades de alto valor engadido e intensivas en coñecemento dirixidas a aqueles sectores maduros como o téxtil, alimentación, bio-farmacolóxico, TICs, e industrial, destinadas a completar a cadea valor, e co obxectivo de conseguir que o sector industrial supoña o 20% do PIB en 2023 e o 25% do PIB en 2030.”

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 28/01/2022 15:43:46

Ana Pontón Mondelo na data 28/01/2022 15:43:55



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Pablo Arangüena Fernández, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte Moción para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria do día 25 de xaneiro de 2022, sobre a política do Goberno galego respecto da publicidade de datos estatísticos (doc. num.26939).

Moción

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1. Facer públicos no seu portal de transparencia nun prazo que non exceda dos catro meses posteriores ao remate de cada ano os datos estatísticos sobre porcentaxe en volume orzamentario dos contratos adjudicados pola propia Xunta e por todas as entidades do sector público autonómico a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público, datos aos que se refire o artigo 8 apartado 1 letra a) da Lei de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
2. Proporcionar os datos de contratos menores aos que fai referencia o mesmo artigo de forma aberta e dun xeito que facilite e non dificulte a súa análise.
3. Garantir o carácter residual da contratación menor, a favor de procedementos con plenas garantías xurídicas como os abertos simplificados e supersimplificados, prohibindo a tramitación de contratos menores que non cumpran os requisitos previstos na Resolución de 6 de marzo de 2019, da Oficina Independiente de Regulación e Supervisión da Contratación, pola que se publica a Instrución 1/2019, de 28 de febreiro, sobre contratos menores.
4. Proceder a establecer e publicar anticipadamente cada ano a planificación da contratación a realizar no exercicio, tal e como indica o artigo 28.4 da lei de contratos do sector público, facilitando que os distintos operadores económicos, especialmente as Pemes poidan ter criterios para o acceso ao importante mercado da contratación pública”.





Pazo do Parlamento, 28 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 28/01/2022 16:12:03

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 28/01/2022 16:12:19



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados **Adrian Pardo López, José Manuel Balseiro Orol, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Sanz Arias, José Antonio Armada Pérez, Moisés Rodríguez Pérez, Miguel Ángel Tellado Filgueira, Borja Vereza Fraiz, Ovidio Rodeiro Tato, María Corina Porro Martínez, María Encarnación Amigo Díaz, Rosalía López Sánchez, José Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, e Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez** ao abeiro do disposto ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia tome posición canto antes sobre esta cuestión

Exposición de Motivos:

O Galicia conta con mellores datos sobre emprego xuvenil que a media do Estado cunha taxa de paro de menores de trinta anos é 3,6 puntos porcentuais inferior aos datos do resto do Estado segundo os datos da EPA.

Durante o último ano, o paro rexistrado descendeu nun 31,67% en Galicia, mentres que a súa vez hai que destacar que as afiliacións entre a poboación máis nova aumentou nun 7,31% na súa evolución anual.

Pese a ter mellores datos que a media nacional é importante seguir incidindo en políticas en prol da mocidade, máis en concreto en medidas que permitan á xuventude acceder a un emprego de calidade.

É necesario lembrar que probablemente a xente nova é un dos sectores poboacionais que máis dificultades atopan á hora de acceder ao mercado laboral.

Por iso é importante seguir a desenvolver medidas e plans que axuden á mocidade a impulsar a súa inserción laboral mediante a aplicación de plans formativos e a promoción de prácticas en empresas.

A Xunta de Galicia ten na mocidade un obxectivo prioritario para a acción das súas políticas laborais, que tratan de darlle un futuro á xuventude mediante un acceso ao emprego de calidade.



Por iso, o Plan Emprega Xuventude ten unha finalidade principal, que non é outra que seguir impulsando o emprego estable e indefinido entre a mocidade galega.

Seguir facendo fincapé é importante para a retención do talento e da aceleración do acceso da mocidade a súa primeira experiencia profesional mediante a aplicación das políticas activas de emprego.

Ante o problema do desemprego na mocidade, é vital un traballo conxunto entre as diferentes Administracións así como co tecido produtivo, como garante para a consolidación das condicións que permitan absorber o talento mozo e fomentar que aqueles que se formaron en Galicia poidan seguir traballando e desenvolvendo o seu futuro laboral na nosa comunidade.

Desde a Xunta de Galicia estase a promover dentro do ámbito laboral, novos modelos de traxectoria profesional e a traballar contra a discriminación laboral de xénero desde as primeiras etapas da vida profesional.

Un compromiso que ten que axustar a oferta do mercado laboral á demanda da estrutura produtiva galega; un feito fundamental en especial para a mocidade con títulos de formación profesional e a poboación maior de 25 anos menos cualificada.

É importante destacar o Plan Emprega Xuventude, que conta cunha dotación no 2022 de 51,8 millóns de euros, serve para abordar estes desafíos.

Un plan que dispón de programas específicos para o apoio á formación, como poden ser os obradoiros de emprego para persoas mozas; con programas para a mellora da empregabilidade, o programa Galicia Emprega; medidas para a xeración de emprego no eido da investigación e a tecnoloxía; ou de incentivos á contratación da mocidade galega.

Por todo o exposto, O Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Pleno.

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a continuar desenvolvendo o *Plan Emprega Xuventude* actual, nomeadamente no referente á posta en marcha dos programas de impulso á contratación e á inserción laboral do colectivo xuvenil”.

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2021



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 26/01/2022 13:53:17

Pardo López, Adrián na data 26/01/2022 13:53:38

José Manuel Balseiro Orol na data 26/01/2022 13:53:46

Marta Nóvoa Iglesias na data 26/01/2022 13:54:11

Cristina Sanz Arias na data 26/01/2022 13:54:25

José Antonio Armada Pérez na data 26/01/2022 13:54:44

Rodríguez Pérez, Moisés na data 26/01/2022 13:55:06

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 26/01/2022 13:55:17

Borja Vereza Fraiz na data 26/01/2022 13:55:35

Ovidio Rodeiro Tato na data 26/01/2022 13:56:02

María Corina Porro Martínez na data 26/01/2022 13:56:13

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/01/2022 13:56:34

López Sánchez, Rosalía na data 26/01/2022 13:57:04

José Alberto Pazos Couñago na data 26/01/2022 13:57:18

Noelia Pérez López na data 26/01/2022 13:57:33

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 26/01/2022 13:57:50





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Lourenzo Sobral, Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonso, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia**.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se posicione canto antes sobre a situación do transporte sanitario terrestre.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Que Galiza conte cunha rede de transporte sanitario terrestre de calidade é unha preocupación constante do BNG. Levamos anos demandando o dimensionamento preciso, tanto en vehículos, persoal e recursos para a atención ás urxencias extrahospitalarias porque é un servizo vital na cadea asistencial e o servizo é deficitario.

A dotación de vehículos, de persoal e o tempo de resposta deste servizo poden marcar a diferenza entre un desenlace positivo ou un fatal. Diante dunha emerxencia o factor tempo e eficiencia é fundamental: nas paradas cardiorrespiratorias, ictus,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

politraumatismos... cada minuto de demora na atención agrava o pronóstico e a supervivencia.

As Paradas Cardiorrespiratorias se non son atendidas nun tempo máximo de 15-20 minutos teñen case nulas opcións de recuperación, a mortalidade dos Infartos Agudos de Miocardio prodúcese fundamentalmente na primeira hora, @s doentes politraumatizad@s reducen drasticamente a súa supervivencia tras 20 minutos sen asistencia ou o tratamento do ictus reduce a súa eficacia cada hora que pasa.

A conclusión é clara é preciso ter recursos, tanto materiais como humanos suficientes para que os tempos de resposta non supoñan que a poboación estea correndo serios riscos de quedar desatendida.

Ese risco de desatención, por falta de recursos para a atención ás urxencias extrahospitalarias é o que corre cada día a veciñanza, especialmente en zonas con déficit de recursos, con isócronas moi lonxe das aceptábeis. Comarcas enteiras sen dotación de Soporte Vital Avanzado (Valdeorras, Bergantiños, Baixo Miño, Barbanza, Lalín...).

Infelizmente téñense producido desenlaces fatais, non son casos illados, chove sobre mollado, porque non estamos a falar dunha cuestión puntual, dun descoido, senón dunha práctica constante que non ten ningunha xustificación.

Ao igual que no resto da sanidade se neste momento os usuarios e usuarias non perciben con maior intensidade este deterioro non é pola estrutura deseñada pola Xunta de Galiza, senón pola profesionalidade dos traballadores e das traballadoras.

O BNG ten presentado múltiple iniciativas no Parlamento Galego referidas á situación do servizo de transporte sanitario terrestre, tanto no referido á insuficiencia dos recursos existentes, tanto técnicos como de vehículos e persoal, como ás deficiencias na prestación ou á situación laboral dos/as traballadores/as.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dentro do sistema sanitario o Servizo de Transporte Sanitario Terrestre de doentes, tanto urxente como programado, ten un papel esencial, e como tal, debería estar perfectamente inserido no mesmo e contar cos recursos e persoal preciso para prestar unha atención sanitaria de calidade, mais esa non é a realidade.

Debería ser un obxectivo prioritario, para o Goberno galego e para a consellaría de sanidade, mais a realidade vai na dirección contraria, en Galiza temos un servizo de transporte sanitario terrestre de baixa calidade.

A cidadanía agarda que cando precisa atención sanitaria se lle preste con garantías e con medios, non unha atención de terceira.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

- 1.- Dotar de ambulancias de SVA en comarcas deficitarias como Lalín-Deza, Barbanza, Bergantiños, Baixo Miño, Valdeorras... de forma que se adapten ás necesidades poboacionais e de asistencia.
- 2.- Isócronas operativas das ambulancias que prestan servizo para o 061 nestas Áreas Sanitarias, como as de SVA que acudiran ás mesmas, desde outubro de 2019.
- 3.- Número de servizos de apoio para o 061 desde o 1 de outubro de 2019 até a actualidade nestas Áreas Sanitarias, desagregados por meses e polas empresas que fixeron os servizos, incluíndo Protección Civil.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4.- Recuperación do segundo técnico de emerxencias eliminado nas ambulancias de SVA do Salnés, A Mariña e Monforte.

5.- Reforzar con máis ambulancias zonas deficitarias como o caso da Área Sanitaria de Vigo, especialmente o Morrazo.”

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Manuel Lourenzo Sobral

M^a Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonso

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

M^a Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 27/01/2022 19:13:06

Paulo Ríos Santomé na data 27/01/2022 19:13:20

María do Carme González Iglesias na data 27/01/2022 19:13:26

Alexandra Fernández Gómez na data 27/01/2022 19:13:32

María Montserrat Prado Cores na data 27/01/2022 19:13:38

Xosé Luis Bará Torres na data 27/01/2022 19:13:45

María González Albert na data 27/01/2022 19:13:51

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 27/01/2022 19:14:02

Noa Presas Bergantiños na data 27/01/2022 19:14:10

María del Carmen Aira Díaz na data 27/01/2022 19:14:18

Daniel Castro García na data 27/01/2022 19:14:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 27/01/2022 19:14:35

Iria Carreira Pazos na data 27/01/2022 19:14:43

Daniel Pérez López na data 27/01/2022 19:14:51

Ramón Fernández Alfonzo na data 27/01/2022 19:15:01

Rosana Pérez Fernández na data 27/01/2022 19:15:10

Mercedes Queixas Zas na data 27/01/2022 19:15:19

Xosé Luis Rivas Cruz na data 27/01/2022 19:15:27

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 27/01/2022 19:16:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre o déficit de prazas e centros de día en Galiza e as medidas que debe adoptar o Goberno galego ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os centros de día son un servizo público fundamental para garantir o dereito a unha vellez digna na contorna familiar e comunitaria das persoas. Trátase, pois, dun recurso fundamental na atención e o coidado das persoas maiores, na prevención da dependencia, na profesionalización dos coidados mais tamén, no dereito de conciliación e descanso das persoas que coidan.

Porén, Galiza conta cun número insuficiente de centros e de prazas como reflicten os estudos máis recentemente publicados polo CES e o Foro económico de Galiza.

No noso país hai 250 centros de día cun total de 9.521 prazas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

Residencias e Centros de Día destinados a persoas maiores en Galicia 2020 (1)

	Privadas		Iniciativa pública		Iniciativa social		Total	
	nº	prazas	nº	prazas	nº	prazas	nº	prazas
Residenciais								
Galicia	195	9.527	85	4.960	103	7.457	383	21.944
A Coruña	60	3.487	21	1.748	20	1.763	101	6.998
Lugo	24	1.618	27	1.098	22	1.368	73	4.084
Ourense	65	1.665	26	1.098	43	3.075	134	5.838
Pontevedra	46	2.757	11	1.016	18	1.251	75	5.024
Centros de día								
Galicia	130	5.092	103	3.727	17	702	250	9.521
A Coruña	43	1.767	33	1.413	10	405	86	3.585
Lugo	15	748	29	867	2	74	46	1.689
Ourense	13	397	19	612	2	113	34	1.122
Pontevedra	59	2.180	22	835	3	110	84	3.125

(1) datos a 31 de decembro de 2020
 Fonte: Consellería de Política Social

Esta situación fai que a taxa de cobertura dos centros de día en Galiza sexa escasa no 43,5% do territorio, como sinala o Foro económico no informe Galiza 2040 sobre dinámicas demográficas.

“Os centros de día, concibidos coma un recurso de proximidade e conciliación, están ausentes na meirande parte do territorio galego e intensamente concentrados na contorna urbana, deixando desatendida a demanda naqueles lugares onde a dispersión da poboación é maior. A iniciativa privada prové máis do 60% da oferta mentres que o resto corresponde ao sector público, vinte puntos por debaixo da media estatal”, sinala o Foro.

Asemade, concellos como Rianxo, Vilalba ou Arzúa, vilas importantes que exercen como cabeceiras comarcais, non dispoñen deste recurso véndose obrigada a súa





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

poboación a desprazarse a outras localidades limítrofes para poder acceder a un centro de día o que racha co principio de proximidade e equilibrio territorial que esixe a Lei de servizos sociais de Galiza.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a elaborar un informe, que deberá ser remitido á Cámara nun prazo máximo de tres meses, no que se detalle o número de centros de día actualmente en funcionamento así como a súa titularidade; número de prazas totais, por centro e estado de ocupación das mesmas. Esta avaliación precederá o deseño dun Plan de implantación de centros de día, antes de que remate o actual período de sesións debidamente orzado e calendarizado, que priorice aquelas vilas e comarcas que carezan del así como aquelas que contén con listaxe de agarda para o acceso a este recurso.”

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 21/01/2022 11:13:29

Iria Carreira Pazos na data 21/01/2022 11:13:32

María Montserrat Prado Cores na data 21/01/2022 11:13:45



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Carmen Rodríguez Dacosta** e **Martín Seco García**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

Entendemos que a verdadeira causa da epidemia dos incendios forestais en Galicia é a inexistencia de instrumentos de planificación, co que ao non ter o tratamento debido prodúcese ano tras ano. Parece que a única vacina que ten o Goberno galego e ti vai facendo a ver si cola.

Para o Partido Socialista un cimento básico para establecer unha estratexia que pare esta lacra, e como reflicte ditame da Comisión especial non permanente de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do plan forestal de Galicia, avaliando a experiencia acumulada desde 2006 e, especificamente, a extraordinaria vaga de lumes que sufriu Galicia en outubro de 2017, e que deberá asumirse o compromiso temporizado de elaboración dos PORF de todos os distritos no período 2019-2024, dándolles prioridade a aqueles máis afectados polos incendios forestais.

Galicia non pode ter medio millón de hectáreas improdutivas, que cunha planificación e ordenación do territorio poderíanse aproveitar sustentablemente de forma multifuncional.

Co dito queremos que se faga unha primeira reestruturación dos distritos forestais conforme ao ditame do grupo de expertos de apoio á Comisión do Parlamento de Galicia sobre incendios forestais que foi entregado ao Parlamento no verán do 2019, que expresaba a necesidade de consolidar e mellorar a eficacia do dispositivo contra incendios forestais.

Como a mellor fonte é a que nos din os responsables da Consellería de Medio Rural, esperamos que polo menos hoxe saibamos o ámbito territorial dos distritos que haberá que sinerxialo co territorio dos PORF, dada a súa vinculación segundo a normativa vixente. No artigo 74 da Lei 7/2012 de montes de Galicia di: “a



Administración forestal elaborará os PORF como instrumentos de planificación forestal, que afectarán preferentemente a cada distrito forestal”. Aínda que o derogado Decreto 43/2008, do 28 de febreiro, polo que se determina o ámbito de aplicación dos PORF para Galicia, no seu artigo 2 dicía: “decláranse como ámbito territorial dos PORF, a efectos do artigo 31.4º da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, cada un dos 19 distritos forestais de Galicia”.

Conforme ao principio de participación pública, para cando nos distritos forestais constituíranse os comités forestais.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que:

1. Se presente o mapa de riscos de incendios forestais segundo o previsto na Lei 3/2007, no seu artigo 49.1, indicando a distribución territorial de medios para a loita contra os incendios forestais.
2. Se presente a proposta da Consellería do Medio Rural para a redistribución dos distritos forestais, así como a distribución de persoal segundo as funcións que deben desenvolver.

Pazo do Parlamento, 21 de xaneiro do 2022

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Martín Seco García

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:





María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 21/01/2022 11:42:59

Martín Seco García na data 21/01/2022 11:43:08

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 21/01/2022 11:43:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Olalla Rodil Fernández** e do deputado **Manuel Lourenzo Sobral**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a a dotación cun novo ximnasio cuberto ao IES Xoán Montes de Lugo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A ANPA do IES Xoán Montes de Lugo vén reclamando desde hai tempo a dotación deste centro cun espazo cuberto no que poder practicar o alumnado deporte e actividade física pois, na actualidade, apenas dispón dunhas instalacións situadas no soto do edificio –que non son acaídas en tempos de pandemia-- e dunha carpa instalada no patio exterior.

O IES Xoán Montes atópase na rúa Montevideo, na contorna da Muralla e, polo tanto, conta coa debida protección patrimonial o que condiciona calquera obra ou actuación no edificio ou arredores. Porén, a Xunta de Galiza como máxima responsábel do sistema educativo galego debe garantir que todo o estudiantado do país conta coas instalacións e infraestruturas precisas para o desenvolvemento do proxecto educativo.

Para o Bloque Nacionalista Galego é necesario, pois, estudar todas as posibilidades posíbeis para a dotación do IES Xoán Montes de Lugo cun ximnasio cuberto ponderando, obviamente, a debida protección patrimonial.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a desenvolver os estudos patrimoniais pertinentes para valorar a posibilidade de dotar o IES Xoán Montes de Lugo dun ximnasio cuberto.”

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Deputada do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 21/01/2022 12:10:47

Olalla Rodil Fernández na data 21/01/2022 12:10:51





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a situación na que se atopa o Centro de Saúde do Carballiño.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai anos O Carballiño vén reivindicando unha solución aos graves problemas de infraestruturas e dotación do seu actual centro de saúde, ben a través da dotación dun centro novo ou ben a través da modernización e renovación do actual.

Neste contexto, para alén da evidente necesidade de fortalecer os servizos sanitarios de proximidade, é necesario ter en conta que O Carballiño é o segundo concello máis poboado do territorio administrativamente coñecido como provincia de Ourense e que ademais presta servizos á contorna, sendo unha das comarcas máis poboadas. Malia a importancia desta demanda e a súa imperiosa necesidade, a Xunta de Galiza leva anos desatendéndoa e inmersa nunha continua operación de publicidade e propaganda pola cal dilata *sine die* o ofrecemento dunha alternativa.

Recordando os feitos máis relevantes desde a irrupción da pandemia da covid-19, que esta vila tivo que afrontar cun centro de saúde con moitas carencias, no mes de decembro de 2020 a corporación municipal pronunciábase a favor de que esta demanda se atendese por parte da Xunta de Galiza e se incorporase ao seguinte exercicio orzamentario. Porén, nos orzamentos do goberno galego para o ano 2021 non ía





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ningunha partida para o centro do Carballiño e tampouco aceptou o goberno galego ningunha emenda da oposición. O mesmo aconteceu nos Orzamentos do ano 2022.

Esta cuestión é máis grave aínda se recordamos que no mes de xaneiro de 2021 Feijóo anunciaba na prensa, despois dun encontro co alcalde do Carballiño, que inmediatamente o persoal técnico da Xunta avaliaría se construír un novo ou facer unha remodelación e que isto se incorporaría na planificación inmediata, nunha nova operación cosmética. A día de hoxe, tal informe non foi remitido ao Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Máis aínda, a Xunta de Galiza segue instalada na súa política de adiamentos e propaganda. Como mostra disto, o pasado 2 de xullo o Presidente da Xunta anunciaba repetidamente na cidade de Ourense compromisos con infraestruturas sanitarias e respecto dos centros de saúde a nota informativa da Xunta recollía o seguinte: *“a construción ou reforma de 14 centros de saúde máis: un novo centro de saúde na Rúa, cuxo convenio xa está asinado co Concello; a reforma do de Arnoia -licitado- e do de Ribadavia -que será licitado en breve-; “e asinamos convenios para reformar os de Rairiz de Veiga, O Bolo e Amoeiro”, dixo, anunciando tamén a sinatura, proximamente, dos acordos para remodelar os de Castro Caldelas, Castrelo de Miño, Beariz, Maside, Baltar, Vilardevós e Lobios. Nesta mesma liña, afirmou que a Administración autonómica está a avaliar a posible construción dun novo centro de saúde no Caballiño ou a ampliación do xa existente.”*

É dicir, O Carballiño continuou un ano máis sen decisión, sen prazos, sen orzamentos, sen proxecto e sen perspectiva de ver solucionado o seu problema. Máis recentemente, en novembro de 2021 coñecíase a través dun comunicado de prensa da Xunta que “debido á insuficiencia de espazo físico para as sucesivas ampliacións da carteira de servizos fóronse empregando para consultas salas de esperas e outras zonas





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

da edificación non destinadas a este fin (planta de soto do edificio inicial)”. Tamén se manifestaba que o centro actual non conta cunha distribución óptima e suficiente do espazo de xeito que resulte un centro adecuado para o desenvolvemento nin do Servizo de Atención Primaria nindun Punto de Atención Continuada e que polo tanto a aposta era “un futuro Centro Integral de Saúde para O Carballiño, cun edificio de 4.500 metros cadrados de superficie”

Porén, nos orzamentos de 2022 non se consigna partida e non hai decisión respecto da zona a instalar este centro. Asemade, continúan os problemas respecto do persoal e dos servizos prestados e O Carballiño sofre o deterioro global que sofre a Atención Primaria do noso país.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a corrixir os seus incumprimentos co Carballiño e comprometerse a:

1. Calendarizar e orzar, no prazo máximo de dous meses, a proposta para a renovación ou construción dun novo centro de saúde e iniciar as actuacións necesarias para a súa realización avaliando a posibilidade concreta de os terreos situados en fronte da Estación de ferrocarril de Renfe.

2. Corrixir as insuficiencias de persoal e servizos, singularmente aumentando a dotación de horas, horarios e profesionais de pediatría, xinecoloxía e radioloxía.

3. Impulsar medidas para achegar solucións á situación de deterioro e colapso na que se atopa a Atención Primaria ao longo do país cun Plan de reforzo dos recursos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

humanos e a incorporación á carteira de servizos de Atención Primaria das categorías imprescindibles para prestar unha atención integral, como profesionais de psicoloxía clínica, terapia ocupacional, traballo social, logopedia ou podoloxía.”

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 24/01/2022 12:39:10

Iria Carreira Pazos na data 24/01/2022 12:39:14

María Montserrat Prado Cores na data 24/01/2022 12:39:23

Noa Presas Bergantiños na data 24/01/2022 12:39:32





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Daniel Castro García** e das deputadas **Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre as medidas necesarias para a mellora da sanidade pública da comarca da Mariña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A sanidade pública de todo o país está a pasar por un dos peores momentos desde a súa creación. Estes problemas veñen de moi lonxe, mais a pandemia acelerou dun xeito significativo o proceso de desmantelamento da nosa sanidade e moi especialmente da nosa Atención Primaria.

Como é sabido, as políticas sanitarias do Partido Popular levaron a esta situación que por suposto tamén se fai notar, e dun xeito moi acusado na comarca da Mariña.

Desde o ano 2009, coa entrada do Partido Popular na Xunta de Galiza a sanidade mariñá viu sufrindo diferentes recortes e redución de servizos que se viron totalmente plasmados na supresión da Área Sanitaria da Mariña en 2017. Este foi o punto de inflexión que marcou un antes e un despois na calidade da sanidade pública mariñá. Mais, co paso dos anos e coa incidencia da pandemia da COVID, a situación empeorou dun xeito dramático levando a que a sanidade mariñá estea rozando o colapso, tanto no Hospital de Burela como nos Centros de Saúde da maioría dos concellos da comarca.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta realidade levou a grandes mobilizacións e protestas por parte de toda a cidadanía, dos e das profesionais e da Plataforma na Defensa da Sanidade Pública da Mariña que ano tras ano seguen enchendo as rúas e os formularios de queixas para facer ver unha realidade da que todos son conscientes, incluso o Partido Popular, que segue mirando para outro lado.

Poderíamos enumerar unha a unha todas as eivas existentes, mais ocuparía moito tempo e papel, iso si, poderíanse resumir nunha absoluta falta de cobertura das baixas médicas e de persoal de enfermería, das vacacións e de calquera tipo de permiso en todos os Centros de Saúde da comarca e no Hospital de Burela, que se suman a un déficit estrutural de persoal que viña de moi atrás. Do mesmo xeito, neste hospital no que aumentan os metros cadrados e diminúen os servizos, segue a incrementarse día a día as derivacións ao HULA, polo que os e as mariñas ven reducidos progresivamente os servizos que teñen dereito a ter.

Por outra banda a situación dos traballadores e traballadoras é de absoluta precariedade. Cada vez é máis difícil contratar novos sanitarios e sanitarias porque as condicións de traballo tanto en termos de soldo, como de temporalidade, como de facilidades para desprazarse á comarca son extremas, até o punto de que o maior contrato que se está a facer no Hospital de Burela é de un mes.

Casos moi graves estanse a vivir día a día, como que nunha vila coma Viveiro de preto de 16 mil habitantes haxa momentos nos que só está dispoñible un médico ou que a día de hoxe non se estean a ofrecer os servizos de asistencia a domicilio en dez dos catorce concellos do Distrito Sanitario da Mariña.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A situación da sanidade pública da Mariña é absolutamente insostible e por todo isto o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

- 1- Facer os trámites necesarios para cubrir do xeito máis urxente todas as baixas e vacacións da Atención Primaria da comarca da Mariña.
- 2- Recuperar a asistencia presencial a domicilio de paliativos en todos os concellos do Distrito Sanitario.
- 3- Reducir de xeito drástico as derivacións ao HULA nos casos nos que haxa a posibilidade de tratar aos e ás doentes no Hospital de Burela.”

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Daniel Castro García**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 24/01/2022 12:59:39

Iria Carreira Pazos na data 24/01/2022 12:59:44

María Montserrat Prado Cores na data 24/01/2022 12:59:55

Daniel Castro García na data 24/01/2022 13:00:03





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No pasado mes de decembro, as instalacións da antiga Conserveira de Esteiro, S. A., do Grupo Calvo, ubicadas no lugar de Esteiro, no concello de Muros, saíron a subasta pública por un importe de un millón de euros. O lugar onde se ubican, ao lado do mar, abrangue unha superficie de case 19.000 metros cadrados e conta con varias construcións ben diferenciadas.

Unhas instalacións que estiveran en funcionamento durante máis de 30 anos e que, baixo a fórmula dun traslado á central da empresa en Carballo, pecharon definitivamente no ano 2017, deixando á comarca de Muros e Noia sen unha das súas principais fontes de emprego e afectando a máis de 300 postos de traballo directos e indirectos.

Tanto a conserveira de Esteiro como a matriz en Carballo, foran no seu momento perceptoras de cuantiosas axudas públicas, que hoxe aínda se estenden á propia empresa Calvo. Daquela, a propia Xunta de Galiza, diante do peche definitivo, mesmo anunciara publicamente que faría todo o posíbel por facilitar a instalación doutra firma na nave de Esteiro que, igual que vén de ocorrer agora na





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

poxa, nunca se produciu. Tanto foi así que o pasado 18 de xaneiro, prazo ata o que estaba aberta a poxa, non se presentou ningunha oferta.

A ninguén se lle escapa que a comarca de Muros e Noia, malia a ser unha referencia en canto a alimentos procedentes do mar, nomeadamente o berberecho mais non só, non conta con fábricas que pechen o ciclo de produción na propia ría e que poidan ofrecer, polo tanto, un maior número de postos de traballo e, por outra banda, un valor engadido ao produto de proximidade dun xeito totalmente sostíbel.

As instalacións de Esteiro poderían ter moito que ver, precisamente, nese obxectivo ou en calquera outro relacionado coa produción pesqueira e marisqueira da ría. Poderían, tras os investimentos previos, converterse nunha cooperativa de transformación do produto que poña en valor a súa orixe, coa participación das confrarías da zona e mesmo dos concellos, ou dar cabida a equipamentos tan necesarios como unha depuradora de moluscos, un criadeiro de semente que contribúa a mellorar a producións dos bancos marisqueiros e a evitar a dependencia actual de produto foráneo, un laboratorio de análises e/ou de investigación, ou calquera outro proxecto vinculado ao sector pesqueiro e marisqueiro.

As posibilidades serían múltiples e susceptíbeis de seren aprobadas polos Grupos de Acción Local do sector pesqueiro (GALP), que teñen como obxectivo o desenvolvemento sostíbel das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) que decontado iniciará o seu novo programa 2021-27.

Un novo FEMPA que anima aos países da UE a investir na mellora da competitividade e no desenvolvemento dunha economía sostíbel, así como na protección e restauración da biodiversidade e cuxo reparto no Estado español xa foi





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

aprobado pola Conferencia Sectorial de Pesca no pasado mes de xullo, correspondéndolle a Galiza 336 millóns de euros, máis da metade da cantidade que se reparte entre todas as Comunidades Autónomas (735 millóns de euros).

O prezo da conserveira de Esteiro, estipulado agora nun millón de euros, está moi por baixo do seu valor de taxación e a súa adquisición permitiría múltiples posibilidades nunha zona potentísima en recursos pesqueiros e marisqueiros pero moi infradotada de proxectos que desenvolvan na súa totalidade ese potencial. A súa venta, pois, agora en curso, sería unha oportunidade que non se debería desbotar e pola que a Administración debера interesarse e mesmo encabezar.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a iniciar conversas co Grupo Calvo para facerse coa propiedade da conserveira de Esteiro en aras a fomentar proxectos de desenvolvemento do sector pesqueiro e marisqueiro da ría de Muros e Noia”.

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**
Carme González Iglesias
Daniel Castro García





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 24/01/2022 17:41:48

María do Carme González Iglesias na data 24/01/2022 17:41:51

Daniel Castro García na data 24/01/2022 17:41:58

Ana Pontón Mondelo na data 24/01/2022 17:42:07





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Olalla Rodil Fernández** e do deputado **Manuel Lourenzo Sobral**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre o servizo de transporte na montaña de Lugo e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde a Confederación Anpas Galegas realizaron un estudo arredor da situación que atinxe o alumnado da montaña norte de Lugo en materia transporte. Fixérono para evidenciar como a falta de servizos de comunicación entre os concellos de Cervantes, Pedrafita, As Nogais, Becerreá, Baleira, Navia de Suarna e Baralla, está a causar un grave prexuízo ao alumnado na etapa post-obrigatoria (Bacharelato e Formación Profesional) favorecendo o éxodo cara á cidade de Lugo, principalmente.

Dos resultados extraídos por Anpas Galegas a Confederación conclúe que:

- Hai unha importante deficiencia nas conexións de transporte público entre as zonas rurais e os centros de ensino non universitario de referencia.
- Esta situación dificulta aínda máis a igualdade de oportunidades.
- Incrementa a desvinculación do alumnado co rural.
- Favorece o abandono do medio rural con todo o que iso supón.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Supón un importante custe económico para as familias.

E é que a ausencia de liñas de transporte convencional entre os concellos da montaña obriga as familias a levar as súas fillas e fillos cando conclúen os seus estudos obrigatorios directamente no seu vehículo particular ao instituto, pagar un taxi cando non marchan vivir para a cidade de Lugo.

Cómpre lembrar que o Goberno galego concentrou as competencias de transporte (regular e escolar) na Consellaría de Infraestruturas e no Plan de Transporte da Xunta de Galiza contéplase apenas unha liña regular de luns a venres (non festivos) que conecta co Hospital Lucus Augusti facendo parada nalgúns destes municipios.

Para o Bloque Nacionalista Galego é fundamental mellorar a conexión por estrada entre os concellos da montaña permitindo que o alumnado que cursa a etapa post-obrigatoria poida facelo na comarca sen verse na obriga de marchar ou sen ter que asumir un sobrecoste as familias que para moitas resulta inasumíbel. Unha mellora que redundaría tamén no conxunto da veciñanza da zona.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a adoptar as medidas que sexan necesarias, en diálogo cos concellos implicados, para garantir liñas de autobús regulares que garantan igualdade de oportunidades para o alumnado de BAC e FP nas comarcas de montaña así como a mellora da conectividade do conxunto da poboación que vive nestas zonas.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Deputada do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 25/01/2022 12:59:18

Olalla Rodil Fernández na data 25/01/2022 12:59:22



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **José Manuel Balseiro Orol, Elena Candia López, Daniel Vega Pérez, Rubén Lorenzo Gómez, Raquel Arias Rodríguez, José Antonio Armada Pérez, Belén Cachafeiro Anta e Miguel Prado Patiño** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Ata o de agora, a xestión dunha explotación agraria por parte dunha persoa que se atopa desenvolvendo outra actividade e, polo tanto, rexistrada e cotizando no Réxime Xeral ou no Réxime de Autónomos, non requirira doutra cotización en ningún outro sistema da Seguridade Social. Así o establecía no seu artigo 324, o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social aprobado en 2015, ao sinalar que estaban excluídos da obriga de cotizar no sistema especial para traballadores por conta propia agrarios. Dita exclusión aplicábase ao establecer uns límites, ben por renda xerada pola devandita actividade ou por rendementos obtidos da explotación. O establecemento dos devanditos límites posibilitaba que moitos propietarios de explotacións pequenas e que tivesen outra actividade ou emprego non debesen cotizar pola súa actividade agraria, ao considerala de forma clara un complemento de renda.

Con todo, esta situación cambiou radicalmente. Sen ningún tipo de explicación lóxica e ás agachadas o Goberno de PSOE e Podemos ditaba unha medida que supón un duro pau para miles de galegos, de xeito especial, para os titulares de explotacións familiares que teñen no agro un complemento da súa actividade.

Así, a través da disposición final sexta contemplada na Real Decreto Lei 15/2020, do 21 de abril, de medidas urxentes complementarias para apoiar a economía e o emprego, posteriormente modificado pola Real Decreto-lei 19/2020, do 26 de maio, o Executivo de Pedro Sánchez decidiu asestar un duro golpe á economía de miles de familias dos nosos municipios rurais.

A citada disposición eliminou as excepcións anteriores e con iso xeneralizou, sen apenas condición ningunha, que todo aquel propietario de explotacións agrarias que realice nela labores de forma persoal e directa debe inscribirse e cotizar no sistema especial para traballadores por conta propia agrarios.

En consecuencia, desde esa reforma, a lei obriga a que, por exemplo, un albanel, un enfermeiro ou unha mestra, que ademais dispoñen dunha pequena explotación de



agraria, polo mero feito de ter a devandita propiedade e ir realizar algún labor á mesma van ter que darse de alta e abonar mensualmente a cotización, que lles pode supoñer un gasto medio de máis de douscentos euros ao mes.

Ademais, esta situación vese agravada para o suposto daquelas persoas que están inscritas no sistema especial para traballadores por conta allea agrarios e ao mesmo tempo sexan titulares dunha explotación agraria. Se ditas persoas desenvolven actividade de forma directa e persoal nas súas explotacións, deberán tamén cotizar polo sistema especial de traballadores por conta propia ou ter que renunciar ao outro sistema e, por tanto, perder os seus dereitos para percibir subsidio.

Tras a situación de inestabilidade e sorpresa xerada entre os afectados pola devandita decisión, o propio Ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, Luís Planas, recoñeceu o erro e indicou que este réxime sería modificado a través dunha instrución que, a día de hoxe segue non se ten producido.

En definitiva, unha decisión inxusta e que, ademais, adoptouse aproveitando unha Real Decreto Lei que pretendía fortalecer a protección a empresas e traballadores con motivo da pandemia, pero que leva non poucas denuncias da Inspección de Traballo e non poucos cidadáns enfróntense a cuantiosas multas por traballar nas súas explotacións agrarias sen estar dados de alta no réxime de traballador autónomo agrario.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que restableza o réxime de excepcións vixente desde o ano 2015, que excluía da obriga de cotizar como autónomo a aquelas persoas que teñan ingresos como titulares de explotacións agrarias cando non superen determinados limiares de renda e rendemento económico”.

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2022

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 25/01/2022 13:49:45

José Manuel Balseiro Orol na data 25/01/2022 13:50:01

María Elena Candia López na data 25/01/2022 13:50:13

Daniel Vega Pérez na data 25/01/2022 13:50:29

Rubén Lorenzo Gómez na data 25/01/2022 13:50:45

Raquel Arias Rodríguez na data 25/01/2022 13:50:58

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



José Antonio Armada Pérez na data 25/01/2022 13:51:13

Cachafeiro Anta, Belén na data 25/01/2022 13:51:28

Prado Patiño, Jesús Miguel na data 25/01/2022 13:51:37

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños** e do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre os efectos das portas xiratorias dos gobernos do Partido Popular na política eólica e medioambiental en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En febreiro de 2020 coñeceuse pola prensa que Beatriz Mato pasaba a ser membro de Greenalia, unha das grandes empresas do lobby enerxético e forestal. Este feito foi absolutamente escandaloso xa que esta persoa formou parte do goberno da Xunta desde o ano 2009, os últimos, de 2015 a 2018, coa responsabilidade de Conselleira de Medio Ambiente. Na data do seu novo nomeamento nin sequera pasaran dous anos enteiros após o cesamento. O mesmo aconteceu coa súa fichaxe por Euskatel.

Esta porta xiratoria do Partido Popular de Galiza, que no caso de Greenalia implica tamén un exconselleiro de Industria de Fraga, Antonio Couceiro, que ostenta a figura de conselleiro “independente”, supuxo un paso máis na cadea de favores do goberno popular a esta empresa. Facendo un breve repaso, entre eles cabe destacar cando no ano 2016, vía lei de acompañamento dos Orzamentos, achairou o camiño para dar vía libre á planta de biomasa que a empresa promovía en Teixeira e que se viu favorecida tamén por decisións tomadas no 2017 directamente por parte do departamento de Mato canto á tramitación ambiental.



Así mesmo, máis escandaloso é aínda o feito de que Beatriz Mato fose nomeada en xullo de 2021 tamén parte do consello de administración da empresa. Este feito acontece despois de que como conselleira participara na autorización do 80% dos parques eólicos en funcionamento de Greenalia, 4 de 5 que suman máis de 74 MW.

É o caso do parque eólico Oourol que sendo conselleira foi declarado o 7 de xullo de 2018 de interese especial polo Consello da Xunta seguindo os postulados da lei de depredación do 2017. Isto mesmo aconteceu coa tramitación dos parques de Miñón, Monte Tourado e Alto da Croa II na costa da Morte, tamén declarados como proxectos de interese especial. É necesario sinalar que este tipo de tramitación vén de ser posta en entredito pola sentenza xudicial respecto da repotenciación de Corme por parte do Tribunal Superior de Xustiza da Galiza (TSXG). Esta nova situación fai máis evidente a conexión entre o lobby enerxético e o goberno de Núñez Feijoo e a necesidade de depurar responsabilidades e fiscalizar os proxectos en marcha de forma profunda e rigorosa.

É necesario recordar que a empresa obtivo na poxa de xaneiro de 2021 do MITECO 135MW de eólica terrestre, un 13,5% da potencia destinada polo ministerio a esta tecnoloxía. Segundo informa na súa propia memoria económica, a intención é desenvolver estes 135 MW nos seguintes proxectos: Plan Eolo II: PE de Felga (21MW), Gato (25,2MW), Penas Boas (16,8MW), Pena Ombra (45MW) e O Cerqueiral (27MW), todos eles na Coruña. A estes sumarían outros 135MW a través do Plan Eolo I: PE de Campelo (40MW), Bustelo (50MW), Monte Toural (20MW) e Touriñán (25MW). Con estes 9 parques eólicos, que están a supoñer alegacións e contestación ao longo do territorio pola súa tramitación e afeccións, Greenalia pretendería sumar 270 MW a desenvolver en Galiza.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Hai que ter en conta, ademais, que esta empresa presentou manifestacións de interese aos fondos Next Generation vinculadas ao desenvolvemento da eólica mariña na costa galega. Polo tanto, é necesario extremar as cautelas respecto do uso de información obtida baixo o desempeño de cargo público, ao que hai que incrementar as cautelas derivadas da desordenación do sector e da falta de garantías democráticas, ambientais e de retorno económico que se están a demostrar a través de sentenzas xudiciais e de informes como os do Consello da Cultura Galega ou o Observatorio eólico galego..

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento Galego acorda instar a Xunta de Galiza a desenvolver as seguintes actuacións:

1. Remitir ao Parlamento Galego as actas dos consellos da Xunta onde se autorizou a declaración de proxectos de especial interese coa participación da Exconselleira Mato.

2. Facer públicos a totalidade de acordos que se tomen no Consello da Xunta respecto da tramitación de proxectos que se acollan a calquera das figuras existentes para acurtar os seus prazos e aplicar a supramunicipalidade, singularmente os do sector eólico.

3. Impulsar a paralización cautelar daqueles proxectos que poidan estar nas mesmas condicións que o que vén de anular a sentenza número 00017/2022 do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza que anula a autorización da Xunta para repotenciar o





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

parque eólico G3 de Corme, co obxecto de blindar as garantías democráticas necesarias e evitar que se desenvolvan proxectos que non contan coas debidas garantías e poden provocar danos irreparábeis.”

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 25/01/2022 16:40:57

Noa Presas Bergantiños na data 25/01/2022 16:41:04



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Paloma Castro Rey, Carmen Rodríguez Dacosta, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

A pandemia do Covid-19 veu a modificar a vida ordinaria de toda a cidadanía tanto a nivel social coma laboral.

En relación a este último a necesidade de intensificar as medidas hixiénicas para loitar contra o virus impuxo a obriga de incrementar os cadros de persoal de limpeza tanto no eido público coma privado.

Pero especial consideración supoñen as persoas profesionais da limpeza que traballan nos centros hospitalarios, xa que ao seu traballo incrementouse notablemente así como o risco de contaxio.

Este é o caso das persoas traballadoras do sector da limpeza do CHUP (Complexo Hospitalario de Pontevedra, Hospital Provincial e Montecelo) servizo externalizado polo Sergas e que desenvolve a empresa Acciona.

O convenio colectivo que establece as condicións de traballo e produtividade destes traballadores e traballadoras firmouse no ano 2014, polo que é necesaria unha actualización.

Ante a necesidade de mellorar este marco laboral, as 3 centrais sindicais sentáronse a negociar coa empresa que cerrouse en banda ante calquera mellora económica e social.

Dende o Grupo Socialista non entendemos a discriminación que están a sufrir os traballadores e traballadoras deste hospital respecto a outros coma os do Hospital Álvaro Cunqueiro, onde a mesma empresa si rubricou un convenio con mellores condicións económicas e sociais.

Tendo en conta a situación sanitaria actual e a imprescindible tarefa que desenvolven os e as traballadoras de limpeza que contribúe a prestar un servizo



público, como é a atención sanitaria de calidade, entendemos que o goberno da Xunta de Galicia ten a obriga de mediar para que a empresa asuma estas xustas demandas, entre as que se atopan:

- Equiparación ao persoal do grupo AP con contacto directo cos e coas pacientes, entendendo que o sector da limpeza manipula residuos, mobiliario e accede ás habitacións dos pacientes mesmo con eles dentro.
- A elaboración dun cuadrante anual, para que todos os e as traballadoras coñezan con antelación os descansos e así mellorar a súa conciliación familiar.
- Establecer un complemento de desprazamentos, no caso de existir un aparcadoiro privado no futuro Gran Montecelo.
- Aumento do persoal xa que este é moi escaso o que está a provocar o esgotamento dos e das traballadoras e a imposibilidade de acadar un traballo óptimo.
- Modificación da posibilidade de cambio de quenda ou de área que na actualidade non se permite.
- Adscrición do persoal a servizos concretos para que poidan mellorar a eficiencia no seu traballo.

Debemos ter en conta que o sector da limpeza é un sector feminizado e altamente precario, e este grupo político defende todas aquelas cláusulas dos convenios que loiten contra a precariedade laboral que están a sufrir as mulleres en Galicia.

O Partido Socialista de Galicia avoga por non estender a precariedade laboral a un maior número de persoas traballadoras e desexamos que non se bloquee a negociación entre sindicatos e patronal, negociación na que debe rexer o principio de boa fe, co fin de chegar a un acordo que se reflexe nun convenio colectivo digno para as traballadoras e traballadores de limpeza do CHUP.

Traballadoras e traballadores os que o Grupo Parlamentario Socialista quere facer un recoñecemento pola súa dedicación laboral e espírito de solidariedade que fixeron e fan, nesta crise sanitaria, a nosa vida máis segura.

E non podemos deixar de preocuparnos porque o bloqueo da negociación puidera dar lugar a unha crise sanitaria ao constituír a desinfección de centros sanitarios un labor esencial que garanta a seguridade das persoas usuarias.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que a tenor do conflito colectivo xerado no sector de limpeza do Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra, e ante o grave problema de seguridade sanitaria que xeraría, agravada pola situación de pandemia pola Covid-19, o Goberno galego asuma o papel de mediador na negociación dun convenio digno que avogue por non estender a precariedade laboral a un maior número de persoas traballadoras, desbloqueando a negociación entre sindicatos e patronal, co fin de chegar a un acordo que se reflexe nun convenio colectivo digno para as traballadoras e traballadores de limpeza do CHUP.

Pazo do Parlamento, 25 de xaneiro do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Carmen Rodríguez Dacosta
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 25/01/2022 17:25:19

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 25/01/2022 17:25:33

Julio Torrado Quintela na data 25/01/2022 17:25:41

Marina Ortega Otero na data 25/01/2022 17:25:48

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 25/01/2022 17:25:58



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Paloma Castro Rey, Leticia Gallego Sanromán, Noelia Otero Lago e Pablo Arangüena Fernández**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

O 8 de maio de 2020 promulgouse a Orde JUS/394/2020, que aproba o esquema de Seguridade Laboral e o Plan de Desescalada para a Administración de Xustiza ante o Covid-19.

Nesta orde determínanse entre outras medidas, as relativas á protección colectiva en relación á atención ao público en oficinas xudiciais, que establece:

- A atención ao público farase por vía telefónica ou a través do correo electrónico habilitado a tal efecto.
- Para aqueles casos nos que resulte imprescindible acudir á sede xudicial, será necesario obter previamente a correspondente cita de conformidade cos protocolos que ao efecto se establezan.

En todas as sedes deberá implementarse medidas que minimicen o contacto entre o persoal e a cidadanía asistentes:

1. Todo o público, gardará a distancia interpersoal.
2. aforo máximo deberá permitir cumprir co requisito mencionado na distancia interpersoal de 2 metros.
3. Limitarase o número de persoas que accede e o tempo de exposición ao mínimo posible. Adicionalmente, as persoas alleas á sede xudicial comunicará no control de accesos de entrada o eu percorrido, para evitar calquera prolongación da súa presenza.

Transcorridos 9 meses e varias vagas da pandemia, a Dirección Xeral de Xustiza aínda non implantou no Rexistro Civil de Vigo o sistema de Cita Previa.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista non entendemos o motivo desta pasividade, cando si está implantado nos rexistros civís doutras cidades e sobre todo tendo en conta que polo volume de poboación é o rexistro de maior afluencia de público.



Entendemos que é unha irresponsabilidade da Dirección Xeral de Xustiza que ten que proporcionar os medios axeitados para a implantación deste servizo, e así evitar as longas colas que se están a xerar e o risco que esta exposición xera ao persoal deste servizo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Proporcionar, con carácter urgente, os medios necesarios para a implantación do servizo de cita previa no rexistro civil de Vigo ao ser o único das grandes cidades que non o ten.
2. Facer extensiva esta medida a todos os xulgados de Galicia que se atopen nunha situación análoga.

Pazo do Parlamento, 25 de xaneiro do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Leticia Gallego Sanromán
Noelia Otero Lago
Pablo Arangüena Fernández
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 25/01/2022 17:20:39

María Leticia Gallego Sanromán na data 25/01/2022 17:20:49

Noelia Otero Lago na data 25/01/2022 17:20:56





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2022 17:40:37
Nº Registro: 28918
Data envío: 25/01/2022 17:40:37.051

Pablo Arangüena Fernández na data 25/01/2022 17:21:04

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 25/01/2022 17:21:12

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG-jkDnqZ9W-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños** e dos deputados **Ramón Fernández Alfonso** e **Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre as actuacións necesarias para garantir que o sector bancario garanta unha atención presencial mínima para as persoas usuarias.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A profunda transformación do sector bancario nos últimos tres lustros, acelerada baixo as coartadas da crise financeira de 2008 e máis recentemente da pandemia da covid-19, ten múltiples consecuencias nos ámbitos económicos e sociais. A constante oligopolización do sector trouxo canda si unha redución do número de entidades, a bancarización das estruturas e tamén unha forte operación para a redución de custos que trae un adelgazamento da estrutura de persoal e da rede de oficinas presenciais. Así mesmo, nos últimos anos as entidades teñen focalizado a súa actuación na colocación de produtos e impuxeron unha axenda de dixitalización que non contempla a realidade social e económica dos territorios nin as necesidades presenciais que a cidadanía e os negocios teñen.

Diante deste contexto, a reacción do goberno galego, no lugar de impulsar mecanismos públicos alternativos e unha férrea de defensa das e dos consumidores, foi o de regalar fondos públicos á entidade Abanca para que instale caixeiros ao tempo que está a reducir caixeiros, oficinas e postos de traballo no noso país. Todo isto despois de





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

máis dunha década de reestruturación bancaria no que os gobernos centrais de PP e PSOE tiveron un papel fundamental.

Nos últimos anos, ao fío da pandemia, o proceso de destrución de emprego e servizos tense acelerado, como amosan os múltiples ERE do Santander, Caixabank, BBVA, Abanca, etc. Recentemente, o Banco de España informaba nos seus últimos datos, publicados en xaneiro de 2022 respecto do mes de setembro de 2021, de que a banca a nivel do Estado español pechara o 10% das súas oficinas nun ano, atopándose nun mínimo histórico desde o ano 1977, deixándoas en 20.421. Respecto do ano 2008, ano no que se atopaban en máximo histórico, o descenso é de case o 56%.

Galiza foi a terceira comunidade. Despois de Castela e León e de Cataluña, que máis entidades pechou, cun descenso do 14,70% que se traduce no peche de 189 oficinas, que se suman aos peches da última década.

Así mesmo, o pasado 25 de xaneiro de 2022 o Defensor del pueblo pronunciábase respecto da necesidade de facilitar a accesibilidade á atención presencial cando sexa necesaria e unha linguaxe de fácil comprensión no proceso de dixitalización. Facía referencia tanto ás administracións públicas como tamén ao sector bancario, avanzando que se dirixiría ao Banco de España como entidade supervisora para que solicite ás entidades a atención presencial a aquela clientela que o demande, singularmente a aquelas persoas que non contan cos medios, dispositivos ou habilidades para acceder a servizos dixitalizados e caixeiros automáticos.

Esta demanda sucede ademais nun momento no que se popularizaron denuncias de persoas xubiladas que están a recoller sinaturas para poñer fin á situación de falta de servizos que afecta singularmente á xente de maior idade. Cabe sinalar que neste ámbito son cada vez máis as denuncias pola falta de autonomía e privacidade financeira á que





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

levan a normalización de que sexan terceiras persoas quen xestionen os seus servizos de banca virtual porque acaba sendo a solución imposta para evitar a exclusión financeira total e absoluta.

Esta situación, pola evolución demográfica do noso país, aféctanos especialmente e a Xunta de Galiza debe abandonar a súa conivencia coa gran banca para esixir dereitos para a cidadanía.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a actuar con determinación na protección das persoas consumidoras diante do aumento da exclusión financeira e as dificultades de acceso a servizos bancais presenciais impulsando as seguintes medidas:

1. Rectificar a súa política de subvencións de caixeiros por contribuír ao efecto chamada de peche de servizos.

2. Impulsar ao abeiro do Instituto Galego do Consumo e da Competencia un estudo para avaliar as características e graos de exclusión financeira da poboación galega, e singularmente a vulnerabilidade das persoas máis maiores, de cara a impulsar mecanismos que a minoren.

3. Demandar do goberno central a modificación da regulación do sector financeiro para garantir por parte da gran banca unha rede mínima de oficinas e caixeiros e unha atención presencial mínima para as persoas consumidoras.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2022

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 26/01/2022 11:46:40

Daniel Pérez López na data 26/01/2022 11:46:43

Ramón Fernández Alfonzo na data 26/01/2022 11:46:52

Noa Presas Bergantiños na data 26/01/2022 11:47:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos** e deputado **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á nova situación de colapso do CHUO denunciada polos profesionais sanitarios no mes de xaneiro de 2022.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante as primeiras semanas de xaneiro de 2020, a Comisión de Centro do Complexo Hospitalario de Ourense e o colectivo de Enfermeiras en Loita estiveron concentrándose diante do centro e denunciando a través de diferentes comunicados unha nova situación de sobrecarga e saturación.

Neste sentido, cómpre lembrar que isto non é a primeira vez que acontece e que aínda no mes de setembro ocorrían acontecementos semellantes con causas similares que non foron subsanadas ao longo do tempo nin adecuadas á evolución da pandemia. A Comisión de Centro vén de denunciar novamente que o servizo de urxencias non deixa de aumentar canto a pacientes debido ao colapso da atención primaria. Durante o nadal e a época posterior a atención primaria atópase en situación crítica pola mala xestión da evolución da variante ómicron, a falta de reforzo de persoal e o bloqueo da capacidade da veciñanza de acudir ao seu centro de referencia ou ser atendido nun prazo razoábel de forma telefónica.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Os problemas da atención sanitaria da cidade, que como outras partes do país está a sufrir as consecuencias do abandono da atención primaria, trae longas esperas para poder ter unha cita presencial ou mesmo telefónica e iso deriva en que un volume importante de persoas vese obrigado a acudir a urxencias por patoloxías que podían atallarse doutra forma e iso agrava a saturación do servizo, que tamén sofre de falta de persoal.

Diante desta situación é necesario que se dote un Plan de choque que permita un investimento urxente de 200 M€ adicionais a nivel galego, que permita contratar máis persoal e dotar de máis medios a atención primaria e que no CHUO se reforce o persoal para evitar esta situación de colapso.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a tomar medidas para evitar a saturación dos servizos de urxencias no Complexo Hospitalario de Ourense, singularmente:

1. Impulsar un Plan de choque que permita un investimento urxente de 200 M€ adicionais a nivel galego, que permita contratar máis persoal e dotar de máis medios a atención primaria.

2. Constituír unha mesa de negociación coa Comisión de Centro para acordar os reforzos de persoal necesarios para dar cobertura á atención de urxencias e hospitalaria.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2022

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 26/01/2022 13:08:24

Iria Carreira Pazos na data 26/01/2022 13:08:30

María Montserrat Prado Cores na data 26/01/2022 13:08:38

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 26/01/2022 13:08:45

Noa Presas Bergantiños na data 26/01/2022 13:08:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada e deputados **Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Ramón Fernández Alfonzo e Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa á necesidade de que o goberno galego deixe de incumprir as súas propias promesas e leis e impulse figuras de apoio no IRPF para as familias monoparentais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En Galiza hai máis de 111.000 fogares monoparentais, constituíndo máis do 10% dos fogares galegos. Así mesmo, en máis dun 80% están encabezados por mulleres. Neste sentido, é necesario recordar que o contexto de crise económica que vivimos agudiza a feminización da pobreza e que mesmo o informe do ano 2021 do Alto comisionado contra a pobreza infantil elaborou un informe no que alerta do risco de pobreza deste tipo de fogares e, principalmente, dos liderados por mulleres, cuxas taxas duplican aos fogares encabezados por homes. Os informes FOESSA tamén profundizan na vulnerabilidade dos fogares monoparentais.

Desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego temos denunciado reiteradamente que na actualidade, co sistema fiscal vixente, a contribución impositiva recae fundamentalmente sobre os impostos indirectos ao consumo e ás rendas do traballo, fronte ás de capital, ao que se suman unha serie de condicións para a declaración da renda que non inclúen suficientes posibilidades de desgravacións para favorecer aos colectivos máis vulnerábeis de forma suficiente.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dese xeito, o resultado é que o actual sistema impositivo non ten contribuído a corrixir as desigualdades económicas e, polo tanto, non cumpre a súa función teórica de ferramenta para a redistribución da riqueza.

Os poderes públicos teñen a capacidade de arbitrar determinadas circunstancias que desgravan á hora de cumprir coas obrigas fiscais na coñecida como declaración da renda. Neste camiño, o Bloque Nacionalista Galego ten observado unha ausencia importante que tamén ten sido denunciada por asociacións e colectivos sociais. As formas de vida e a configuración das familias abranguen unha alta variedade, dependendo de factores sociais, económicos, culturais ou de escolla afectiva e persoal. Neste sentido, salienta un baleiro importante canto ás familias monoparentais e a atención á súa especificidade.

A xuízo do Bloque Nacionalista Galego é preciso impulsar desde o ámbito galego e estatal unha maior protección xa que ademais beneficiaría a un dos colectivos que máis padecen esta desigualdade, o das mulleres, que son quen lideran as familias monoparentais e quen ademais sofren as consecuencias do sistema patriarcal no ámbito económico e laboral.

Na actualidade, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galiza contempla no seu Capítulo II, Sección 7.^a Acción protectora das familias de especial consideración o seguinte: f) No ámbito tributario, mediante o establecemento pola Xunta de Galicia de beneficios fiscais na área das súas competencias. Porén, once anos despois da súa aprobación, este aspecto non foi desenvolvido polos sucesivos gobernos de Núñez Feijoo. Máis aínda, teñen votado en contra reiteradamente no Parlamento Galego a iniciativa deste grupo na X Lexislatura.

No marco da campaña electoral das eleccións galegas do ano 2020 e no discurso de investidura, Núñez Feijoo prometeu esta cuestión, incumplida a día de hoxe como incumplido está o Rexistro de Familias Monoparentais ou o presunto Plan de apoio que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ían impulsar ao abeiro da lei de impulso demográfico. Un ano despois da aprobación desta, non se desenvolveron estas medidas.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. No ámbito das súas competencias canto a deducións propias do IRPF, desenvolver deducións para familias monoparentais a partir dunha crianza, tendo en conta tamén o nivel de renda.

2. Demandar do goberno do Estado:

2.1. Estabelecer deducións de renda específicas para o colectivo das familias monoparentais, tendo en conta criterios de renda.

2.2. Que as deducións existentes para familias monoparentais con dous fillos ou fillas se estenda ás familias monoparentais cun só fillo ou filla e que se aumente progresivamente a contía no caso de aumentar o número de descendentes.”

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 26/01/2022 17:26:06

Ramón Fernández Alfonzo na data 26/01/2022 17:26:22

Daniel Pérez López na data 26/01/2022 17:26:31

Olalla Rodil Fernández na data 26/01/2022 17:27:00



Á Mesa do Parlamento

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, Martín Seco García e Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A pandemia da covid-19 asolou as vidas da cidadanía e unha vez máis as entidades locais mostraron ser a administración máis próxima á cidadanía atendendo ás necesidades máis inmediatas e reais das veciñas e veciños.

Os concellos mostraron novamente a importancia do municipalismo para garantir os dereitos básicos e fundamentais da veciñanza. As nenas e nenos tiveron que se adaptar a unha situación que os limitou enormemente no seu día a día e sobre todo na súa maneira de se relacionaren. A nova normativa aplicada ao desenvolvemento do curso escolar incorporou novas rutinas como o uso de máscara durante todo o tempo lectivo, a constante hixienización de mans e espazos, a preferencia de uso de espazos ben ventilados, a obriga de gardar distancias interpersoais e a constitución de grupos burbulla que limitan o número de persoas coas que se poden relacionar.

Todas estas restricións véñense prolongando no tempo e posiblemente continúen unha boa tempada. Preservar a saúde física das familias garantindo condicións seguras nos centros de ensino, sen dúbida, é importante, así como tamén o é dar aos nenos e nenas espazos abertos onde poder moverse e exercitarse nun momento en que se está a comprobar que a situación de pandemia está a causar uns hábitos de vida máis sedentarios.

Os nenos e nenas usuarios das instalacións do Areal, no CEIP Nicolás del Río do concello de Cedeira dispoñen dun patio que sería o lugar ideal para desenvolver nel as aulas de Educación Física, os recreos, festividadeas marcadas no calendario escolar e calquera outra actividade de recomendable realización en exterior. Este espazo está sendo na actualidade infrautilizado, pois non está cuberto e dada a climatoloxía predominante ao longo do curso escolar neste concello, son poucos os días nos que se lle pode dar uso.

Os patios de xogo nos centros de ensino son tamén zonas coeducativas e participativas, onde as nenas e nenos deben socializar en igualdade de condicións e dispoñendo de espazos adecuados. É preciso comezar a mudar as distribucións



tradicionais dos patios, onde as pistas deportivas ocupaban a maior parte da zona exterior do centro, e construír outros modelos onde os espazos sexan totalmente accesibles e se repartan coa fin de que o alumando utilice as instalacións de xeito igualitario e onde se garanta a participación no xogo de todos e todas.

O pleno do concello de Cedeira considera que todos os nenos e nenas de Cedeira, que pasan nos dous últimos cursos da Educación Primaria polas instalacións do Areal deberían ter a oportunidade de ter un lugar exterior, mais cuberto, para a súa actividade física e de lecer, que sen dúbida redundará na súa saúde mental, por todo isto aprobaron unha moción para solicitar o dito acondicionamento.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a construír, no prazo máis breve posible, a cuberta do patio do Areal, así como a renovación do chan de aglomerado por un de formigón pulido no CEIP Nicolás del Río de Cedeira

Parlamento de Galicia, 26 de xaneiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 26/01/2022 11:57:20

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 26/01/2022 11:57:36



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, Martín Seco García, Carmen Rodríguez Dacosta e Noa Díaz Varela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

En Galicia o sector lácteo suma máis de 7.000 explotacións, que producen cada ano 2,8 millóns de toneladas de leite, o sector xera máis de 20.000 empregos e aporta o 1,5 % do PIB galego. Cifras que fan que Galicia sexa a rexión máis produtora de España e se atope entre as dez primeiras de Europa.

A comarca de Ordes, cos concellos de Arzúa, Frades, Mesía e Tordoia, entre outros, achegaron no 2020 algo máis de 283 millóns de litros a este sector, e polo tanto, é indubidable a importancia das explotacións de leite para o concello de Tordoia.

No censo do INE de 2009 Tordoia constaba con 376 explotacións de bovino e das cales só 63 teñen máis de 20 Ha, un tamaño mínimo para a súa viabilidade económica a non ser que a súa actividade sexa a produción de horta, viñado ou ganaría intensiva.

As concentracións parcelarias de Viladabade e Gorgullos datan de finais dos anos 60 é foi esencial para o desenvolvemento da actividade gandeira e que esta sexa unha das maiores fontes de riqueza do concello, pero a día de hoxe pasados máis de 50 anos, as pistas das ditas concentracións están en moi mal estado, sen o mantemento necesario por parte do concello e polo desleixo da Xunta de Galicia para apoiar ao concello na súa capacidade económica para ter os ditos viarios de comunicación entre fincas e de acceso para a maquinaria agraria en correcto estado.

O Grupo Municipal Socialista do Concello de Tordoia pediu en numerosas ocasións o seu amaño e visto o pouco éxito da dita petición, o noso grupo parlamentario introduciu emendas aso orzamentos de 2022 para que a Xunta financie a adecuación das ditas pistas co mesmo éxito que as peticións do Grupo Municipal.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:



O Parlamento de Galicia, insta o Goberno galego a financiar o arranxo das pistas das concentracións parcelarias de Gorgullos e Viladabade no concello de Tordoia.

Pazo do Parlamento, 26 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 26/01/2022 12:31:21

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 26/01/2022 12:31:45

Noa Susana Díaz Varela na data 26/01/2022 12:31:58

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 26/01/2022 12:32:14



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Iria Carreira Pazos, Montserrat Prado Cores e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a creación da segunda praza de enfermaría no PAC de Ordes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Poderíamos enumerar unha a unha todas as eivas existentes, mais ocuparía moito tempo e papel, iso si, poderíanse resumir nunha absoluta falta de cobertura das baixas médicas e de persoal de enfermería, das vacacións e de calquera tipo de permiso en todos os Centros de Saúde da comarca e no Hospital de Burela, que se suman a un déficit estrutural de persoal que viña de moi atrás. Do mesmo xeito, neste hospital no que aumentan os metros cadrados e diminúen os servizos, segue a incrementarse día a día as derivacións ao HULA, polo que os e as mariñas ven reducidos progresivamente os servizos que teñen dereito a ter.

Por outra banda a situación dos traballadores e traballadoras é de absoluta precariedade. Cada vez é máis difícil contratar novos sanitarios e sanitarias porque as condicións de traballo tanto en termos de soldo, como de temporalidade, como de facilidades para desprazarse á comarca son extremas, até o punto de que o maior contrato que se está a facer no Hospital de Burela é de un mes.

Casos moi graves estanse a vivir día a día, como que nunha vila coma Viveiro de preto de 16 mil habitantes haxa momentos nos que só está dispoñible un médico ou que a día de hoxe non se estean a ofrecer os servizos de asistencia a domicilio en dez dos catorce concellos do Distrito Sanitario da Mariña.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A situación da sanidade pública da Mariña é absolutamente insostible e por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno :

Está disposta a Xunta de Galiza a levar a cabo unha mellora na sanidade pública da Mariña que implique máis orzamento, máis persoal sanitario e máis servizos?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Daniel Castro García**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 24/01/2022 13:06:17

Iria Carreira Pazos na data 24/01/2022 13:06:23

María Montserrat Prado Cores na data 24/01/2022 13:06:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o gasto de 19.500 euros da Secretaría Xeral de Emigración para a construción dun cruceiro en Miami.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai case xa tres anos o Presidente da Xunta de Galiza e máis o Conselleiro de Industria realizaban unha viaxe a Miami co obxectivo de conseguir grandes acordos para a industria e o turismo galego. Para iso, segundo informa a propia Xunta de Galiza, o mesmo Presidente tivo múltiples xuntanzas coas autoridades da cidade estadounidense, como co empresariado do sector turístico e naval.

Despois destas xuntanzas, o Núñez Feijóo prometeu que chegarían medidas beneficiosas como un voo directo entre Miami e Galiza, grandes acordos no sector do contract ou demais melloras no sector naval dos cruceiros e no sector hoteleiro.

Pola contra, a día de hoxe os e as galegas só sabemos a ciencia certa dun dos “beneficios” que esa xira norteamericana trouxo ao noso país. Ese dubidoso beneficio é o de que a Secretaría Xeral da Emigración vai destinar 19.500 euros á construción dun cruceiro de pedra en Miami para, segundo aparece no DOG “manter e reforzar os vínculos con Galicia e poñer en valor a nosa comunidade, a súa cultura e tradicións entre a colectividade galega de Florida e o resto da poboación estadounidense.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deixando a un lado a consideración que cada quen pode ter sobre cal é o mellor xeito de poñer en valor a nosa comunidade e cultura nos EUA, a ollos de todos e todas resulta incomprendible que se gaste a mesma cantidade de diñeiro neste cruceiro ca en dar asistencia sanitaria a galegos e galegas en países de América Latina ou incluso que esta cantidade sexa o dobre que a destinada á recuperación e mellora de Centros Galegos no Estado Español.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Parécelle axeitado á Xunta de Galiza gastar 19.500 euros nun cruceiro en Miami?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Daniel Castro García**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Luis Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 24/01/2022 13:43:07





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 24/01/2022 13:43:13

Xosé Luis Bará Torres na data 24/01/2022 13:43:23





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No pasado mes de decembro, as instalacións da antiga Conserveira de Esteiro, S. A., do Grupo Calvo, ubicadas no lugar de Esteiro, no concello de Muros, saíron a subasta pública por un importe de un millón de euros. O lugar onde se ubican, ao lado do mar, abrangue unha superficie de case 19.000 metros cadrados e conta con varias construcións ben diferenciadas.

Unhas instalacións que estiveran en funcionamento durante máis de 30 anos e que, baixo a fórmula dun traslado á central da empresa en Carballo, pecharon definitivamente no ano 2017, deixando á comarca de Muros e Noia sen unha das súas principais fontes de emprego e afectando a máis de 300 postos de traballo directos e indirectos.

Tanto a conserveira de Esteiro como a matriz en Carballo, foran no seu momento perceptoras de cuantiosas axudas públicas, que hoxe aínda se estenden á propia empresa Calvo. Daquela, a propia Xunta de Galiza, diante do peche definitivo, mesmo anunciara publicamente que faría todo o posíbel por facilitar a instalación doutra firma na nave de Esteiro que, igual que vén de ocorrer agora na





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

poxa, nunca se produciu. Tanto foi así que o pasado 18 de xaneiro, prazo ata o que estaba aberta a poxa, non se presentou ningunha oferta.

A ninguén se lle escapa que a comarca de Muros e Noia, malia a ser unha referencia en canto a alimentos procedentes do mar, nomeadamente o berberecho mais non só, non conta con fábricas que pechen o ciclo de produción na propia ría e que poidan ofrecer, polo tanto, un maior número de postos de traballo e, por outra banda, un valor engadido ao produto de proximidade dun xeito totalmente sostíbel.

As instalacións de Esteiro poderían ter moito que ver, precisamente, nese obxectivo ou en calquera outro relacionado coa produción pesqueira e marisqueira da ría. Poderían, tras os investimentos previos, converterse nunha cooperativa de transformación do produto que poña en valor a súa orixe, coa participación das confrarías da zona e mesmo dos concellos, ou dar cabida a equipamentos tan necesarios como unha depuradora de moluscos, un criadeiro de semente que contribúa a mellorar a producións dos bancos marisqueiros e a evitar a dependencia actual de produto foráneo, un laboratorio de análises e/ou de investigación, ou calquera outro proxecto vinculado ao sector pesqueiro e marisqueiro.

As posibilidades serían múltiples e susceptíbeis de seren aprobadas polos Grupos de Acción Local do sector pesqueiro (GALP), que teñen como obxectivo o desenvolvemento sostíbel das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) que decontado iniciará o seu novo programa 2021-27.

Un novo FEMPA que anima aos países da UE a investir na mellora da competitividade e no desenvolvemento dunha economía sostíbel, así como na protección e restauración da biodiversidade e cuxo reparto no Estado español xa foi





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

aprobado pola Conferencia Sectorial de Pesca no pasado mes de xullo, correspondéndolle a Galiza 336 millóns de euros, máis da metade da cantidade que se reparte entre todas as Comunidades Autónomas (735 millóns de euros).

O prezo da conserveira de Esteiro, estipulado agora nun millón de euros, está moi por baixo do seu valor de taxación e a súa adquisición permitiría múltiples posibilidades nunha zona potentísima en recursos pesqueiros e marisqueiros pero moi infradotada de proxectos que desenvolvan na súa totalidade ese potencial. A súa venta, pois, agora en curso, sería unha oportunidade que non se debería desbotar e pola que a Administración debера interesarse e mesmo encabezar.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera o Goberno galego de interese para a comarca de Muros e Noia, e para acrecentar o valor dos seus produtos pesqueiros e marisqueiros, a adquisición das instalacións da antiga fábrica de conservas de Esteiro, no concello de Muros?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 24/01/2022 17:39:28

María do Carme González Iglesias na data 24/01/2022 17:39:40

Daniel Castro García na data 24/01/2022 17:39:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre os efectos das portas xiratorias dos gobernos do Partido Popular na política eólica e medioambiental en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En febreiro de 2020 coñeceuse pola prensa que Beatriz Mato pasaba a ser membro de Greenalia, unha das grandes empresas do lobby enerxético e forestal. Este feito foi absolutamente escandaloso xa que esta persoa formou parte do goberno da Xunta desde o ano 2009, os últimos, de 2015 a 2018, coa responsabilidade de Conselleira de Medio Ambiente. Na data do seu novo nomeamento nin sequera pasaran dous anos enteiros após o cesamento. O mesmo aconteceu coa súa fichaxe por Euskatel.

Esta porta xiratoria do Partido Popular de Galiza, que no caso de Greenalia implica tamén un exconselleiro de Industria de Fraga, Antonio Couceiro, que ostenta a figura de conselleiro “independente”, supuxo un paso máis na cadea de favores do goberno popular a esta empresa. Facendo un breve repaso, entre eles cabe destacar cando no ano 2016, vía lei de acompañamento dos Orzamentos, achairou o camiño para dar vía libre á planta de biomasa que a empresa promovía en Teixeira e que se viu favorecida tamén por decisións tomadas no 2017 directamente por parte do departamento de Mato canto á tramitación ambiental.



Así mesmo, máis escandaloso é aínda o feito de que Beatriz Mato fose nomeada en xullo de 2021 tamén parte do consello de administración da empresa. Este feito acontece despois de que como conselleira participara na autorización do 80% dos parques eólicos en funcionamento de Greenalia, 4 de 5 que suman máis de 74 MW.

É o caso do parque eólico Oourol que sendo conselleira foi declarado o 7 de xullo de 2018 de interese especial polo Consello da Xunta seguindo os postulados da lei de depredación do 2017. Isto mesmo aconteceu coa tramitación dos parques de Miñón, Monte Tourado e Alto da Croa II na costa da Morte, tamén declarados como proxectos de interese especial. É necesario sinalar que este tipo de tramitación vén de ser posta en entredito pola sentenza xudicial respecto da repotenciación de Corme por parte do Tribunal Superior de Xustiza da Galiza (TSXG). Esta nova situación fai máis evidente a conexión entre o lobby enerxético e o goberno de Núñez Feijoo e a necesidade de depurar responsabilidades e fiscalizar os proxectos en marcha de forma profunda e rigorosa.

É necesario recordar que a empresa obtivo na poxa de xaneiro de 2021 do MITECO 135MW de eólica terrestre, un 13,5% da potencia destinada polo ministerio a esta tecnoloxía. Segundo informa na súa propia memoria económica, a intención é desenvolver estes 135 MW nos seguintes proxectos: Plan Eolo II: PE de Felga (21MW), Gato (25,2MW), Penas Boas (16,8MW), Pena Ombra (45MW) e O Cerqueiral (27MW), todos eles na Coruña. A estes sumarían outros 135MW a través do Plan Eolo I: PE de Campelo (40MW), Bustelo (50MW), Monte Toural (20MW) e Touriñán (25MW). Con estes 9 parques eólicos, que están a supoñer alegacións e contestación ao longo do territorio pola súa tramitación e afeccións, Greenalia pretendería sumar 270 MW a desenvolver en Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Hai que ter en conta, ademais, que esta empresa presentou manifestacións de interese aos fondos Next Generation vinculadas ao desenvolvemento da eólica mariña na costa galega. Polo tanto, é necesario extremar as cautelas respecto do uso de información obtida baixo o desempeño de cargo público, ao que hai que incrementar as cautelas derivadas da desordenación do sector e da falta de garantías democráticas, ambientais e de retorno económico que se están a demostrar a través de sentenzas xudiciais e de informes como os do Consello da Cultura Galega ou o Observatorio eólico galego.

Por estes motivos formúlase a seguinte preguntas para resposta oral en Pleno:

Como pode asegurar o goberno galego que as súas portas xiratorias non están a condicionar o desenvolvemento eólico en Galiza?

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 25/01/2022 16:45:29

Xosé Luis Bará Torres na data 25/01/2022 16:45:33



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Marina Ortega Otero, Juan Carlos Francisco Rivera, Luís Manuel Álvarez Martínez, Noa Díaz Varela, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O pasado 10 de xaneiro a comunidade educativa do país retornou das festas de Nadal, incorporándose aos seus centro educativos, pero na Universidade Laboral de Ourense, o primeiro que atoparon foi cualificado como “arboricidio” por varios colectivos de protección do medio.

A Universidade Laboral de Ourense é un centro singular encargado polo Ministerio de Traballo da ditadura en 1974 e inaugurado en 1975 ao equipo dirixido por Julio Cano Lasso con José Manuel Sanz e Antonio Ortiz, sendo executada pola empresa Malvar en apenas 15 meses.

Ocupa no barrio da Cuña da cidade unha singular parcela de 10 hectáreas e ten construído 23.274 metros cadrados que constaron daquela 200 millóns de pesetas.

Hoxe conviven nese entorno natural no edificio orixinal a residencia de estudantes e o IES con alumnado de ESO, Bacharelato e ciclos formativos, e co tempo foron construíndose o centro de formación do profesorado (1992), un campo de rugby de xestión municipal (1998) e a Escola de Arte Antonio Failde (1999).

Xa o propio arquitecto Cano Lasso sorprendérase co valor das árbores onde ía construír o seu proxecto, e decidiu integralas e respectalas para asegurar o seu desfrute, tanto por fóra como dende as aulas e zonas comúns e do internado. A sensación de campus é unha das características que máis aprecian o alumnado e profesorado deste centro dende fai décadas.

A variedade de especies con presenza de diferentes tipos de piñeiros incluído os mansos (piñoneros), as sobreiras, os érbedos, prunus, quercus, etc, e a distribución polo gran espazo libre da finca, o configuraban como un auténtico xardín botánico forestal na cidade.



A inexistente xestión e atención da masa forestal durante anos foi a causa de que se documentaran varios episodios de caídas de árbores ou ramas tanto dentro do recinto (con rotura de fiestras no aulario e mesmo no polideportivo), como por fóra, o que tamén motivou a queixa de varios veciños e veciñas con fincas e casas (polo perigo evidente de incendio ao non respectarse o marxe legal de seguridade e as incomodidades de suspensión do subministro de electricidade e telefonía), tanto ó equipo directivo como en educación.

O propio alumnado e profesorado foron os que deron a voz de alarma cando comprobaron o impacto da corta extrema máis propia dunha instalación forestal que dunha actividade puntual nunha finca de tipo urbano, que apeou un número moi grande de árbores que en aparencia non eran as de risco, e deixou sen solucionar algúns exemplares que efectivamente non compren coas normas de separación e de seguridade.

Son as Amigas das árbores ás que difunden a magnitude de tal agresión, o que leva a Amigos da Terra e a SGHN a denunciar aos feitos diante do concello de Ourense, e se suman a acción que o luns seguinte 17 de xaneiro realizan alumnado, profesorado e veciñanza e outros colectivos de apoio como a plataforma SOS Ourense, de visibilización da corta.

O Concello de Ourense emite providencia do concelleiro de Medio Ambiente ese mesmo luns 17 de xaneiro polo que atendendo a solicitude de Amigos da Terra, ordena a paralización inmediata de todos os traballos de apeo na Universidade Laboral.

Será nese seguinte venres 21 que a empresa entra de novo no recinto da Universidade Laboral con maquinaria pesada realizando traballos de troceado do ramallo, o que xera chamadas a Policía e outro escrito de Amigos da Terra para que a paralización dos traballos sexa total ata que se resolva o conflito.

As fotos realizadas documentan tales feitos e mesmo a madeira apilada é unha mostra do exceso na corta.



Polo tanto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración fai o Goberno galego da corta masiva de árbores efectuada na Universidade Laboral de Ourense, centro dependente da Consellería de Educación?

Pazo do Parlamento, 25 de xaneiro do 2022

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 25/01/2022 17:16:09

Marina Ortega Otero na data 25/01/2022 17:16:18

Juan Carlos Francisco Rivera na data 25/01/2022 17:16:27

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 25/01/2022 17:16:36

Noa Susana Díaz Varela na data 25/01/2022 17:16:46

Paloma Castro Rey na data 25/01/2022 17:16:57

Pablo Arangüena Fernández na data 25/01/2022 17:17:06



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Carmen Rodríguez Dacosta, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A pandemia do Covid-19 veu a modificar a vida ordinaria de toda a cidadanía tanto a nivel social coma laboral.

En relación a este último a necesidade de intensificar as medidas hixiénicas para loitar contra o virus impuxo a obriga de incrementar os cadros de persoal de limpeza tanto no eido público coma privado.

Pero especial consideración supoñen as persoas profesionais da limpeza que traballan nos centros hospitalarios, xa que ao seu traballo incrementouse notablemente así como o risco de contaxio.

Este é o caso das persoas traballadoras do sector da limpeza do CHUP (Complexo Hospitalario de Pontevedra, Hospital Provincial e Montecelo) servizo externalizado polo Sergas e que desenvolve a empresa Acciona.

O convenio colectivo que establece as condicións de traballo e produtividade destes traballadores e traballadoras firmouse no ano 2014, polo que é necesaria unha actualización.

Ante a necesidade de mellorar este marco laboral, as 3 centrais sindicais sentáronse a negociar coa empresa que cerrouse en banda ante calquera mellora económica e social.

Dende o Grupo Socialista non entendemos a discriminación que están a sufrir os traballadores e traballadoras deste hospital respecto a outros coma os do Hospital Álvaro Cunqueiro, onde a mesma empresa si rubricou un convenio con mellores condicións económicas e sociais.

Tendo en conta a situación sanitaria actual e a imprescindible tarefa que desenvolven os e as traballadoras de limpeza que contribúe a prestar un servizo público, como é a atención sanitaria de calidade, entendemos que o goberno da



Xunta de Galicia ten a obriga de mediar para que a empresa asuma estas xustas demandas, entre as que se atopan:

- Equiparación ao persoal do grupo AP con contacto directo cos e coas pacientes, entendendo que o sector da limpeza manipula residuos, mobiliario e accede ás habitacións dos pacientes mesmo con eles dentro.
- A elaboración dun cuadrante anual, para que todos os e as traballadoras coñezan con antelación os descansos e así mellorar a súa conciliación familiar.
- Establecer un complemento de desprazamentos, no caso de existir un aparcadoiro privado no futuro Gran Montecelo.
- Aumento do persoal xa que este é moi escaso o que está a provocar o esgotamento dos e das traballadoras e a imposibilidade de acadar un traballo óptimo.
- Modificación da posibilidade de cambio de quenda ou de área que na actualidade non se permite.
- Adscrición do persoal a servizos concretos para que poidan mellorar a eficiencia no seu traballo.

Debemos ter en conta que o sector da limpeza é un sector feminizado e altamente precario, e este grupo político defende todas aquelas cláusulas dos convenios que loiten contra a precariedade laboral que están a sufrir as mulleres en Galicia.

O Partido Socialista de Galicia avoga por non estender a precariedade laboral a un maior número de persoas traballadoras e desexamos que non se bloquee a negociación entre sindicatos e patronal, negociación na que debe rexer o principio de boa fe, co fin de chegar a un acordo que se reflexe nun convenio colectivo digno para as traballadoras e traballadores de limpeza do CHUP.

Traballadoras e traballadores os que o Grupo Parlamentario Socialista quere facer un recoñecemento pola súa dedicación laboral e espírito de solidariedade que fixeron e fan, nesta crise sanitaria, a nosa vida máis segura.

E non podemos deixar de preocuparnos porque o bloqueo da negociación puidera dar lugar a unha crise sanitaria ao constituír a desinfección de centros sanitarios un labor esencial que garanta a seguridade das persoas usuarias.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que previsión de actuación ten o Goberno galego ante a posible convocatoria de folga no sector de limpeza do CHUP e o grave problema de seguridade sanitaria que ocasionaría e que afectaría aos usuarios e usuarias destes centros?

Pazo do Parlamento, 25 de xaneiro do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Carmen Rodríguez Dacosta
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 25/01/2022 17:26:55

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 25/01/2022 17:27:02

Julio Torrado Quintela na data 25/01/2022 17:27:10

Marina Ortega Otero na data 25/01/2022 17:27:17



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Leticia Gallego Sanromán, Noelia Otero Lago e Pablo Arangüena Fernández, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O 8 de maio de 2020 promulgouse a Orde JUS/394/2020, que aproba o esquema de Seguridade Laboral e o Plan de Desescalada para a Administración de Xustiza ante o Covid-19.

Nesta orde determínanse entre outras medidas, as relativas á protección colectiva en relación á atención ao público en oficinas xudiciais, que establece:

- A atención ao público farase por vía telefónica ou a través do correo electrónico habilitado a tal efecto.
- Para aqueles casos nos que resulte imprescindible acudir á sede xudicial, será necesario obter previamente a correspondente cita de conformidade cos protocolos que ao efecto se establezan.

En todas as sedes deberá implementarse medidas que minimicen o contacto entre o persoal e a cidadanía asistentes:

1. Todo o público, gardará a distancia interpersoal.
2. aforo máximo deberá permitir cumprir co requisito mencionado na distancia interpersoal de 2 metros.
3. Limitarase o número de persoas que accede e o tempo de exposición ao mínimo posible. Adicionalmente, as persoas alleas á sede xudicial comunicará no control de accesos de entrada o eu percorrido, para evitar calquera prolongación da súa presenza.

Transcorridos 9 meses e varias vagas da pandemia, a Dirección Xeral de Xustiza aínda non implantou no Rexistro Civil de Vigo o sistema de Cita Previa.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista non entendemos o motivo desta pasividade, cando si está implantado nos rexistros civís doutras cidades e sobre todo tendo en conta que polo volume de poboación é o rexistro de maior afluencia de público.



Entendemos que é unha irresponsabilidade da Dirección Xeral de Xustiza que ten que proporcionar os medios axeitados para a implantación deste servizo, e así evitar as longas colas que se están a xerar e o risco que esta exposición xera ao persoal deste servizo.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Como xustifica o Goberno galego a non implementación do servizo de cita previa no rexistro civil de Vigo?

Pazo do Parlamento, 25 de xaneiro do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Leticia Gallego Sanromán
Noelia Otero Lago
Pablo Arangüena Fernández
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 25/01/2022 17:22:07

María Leticia Gallego Sanromán na data 25/01/2022 17:22:15

Noelia Otero Lago na data 25/01/2022 17:22:22

Pablo Arangüena Fernández na data 25/01/2022 17:22:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños, María González Albert, Iria Carreira Pazos e Luis Bará Torres, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a contratación da tala indiscriminada de árbores na Universidade Laboral de Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A instancia da Xunta de Galiza vense de “reordenar” o patrimonio natural sito na Universidade Laboral e a súa contorna, no barrio de A Cuña, mediante a tala indiscriminada de toda e canta especie arbórea existía no lugar. Tanto é así que o Concello de Ourense viuse na obriga de ordenar a paralización inmediata da actuación arboricida perpetrada pola Xunta de Galiza.

O espazo da Universidade Laboral de Ourense foi destacado en distintas publicacións especializadas pola perfecta integración paisaxística e a rica variedade arbórea dentro dun ámbito eminentemente urbano. Máis de 1252 exemplares de máis de 100 especies arbóreas e arbustivas compuñan un dos principais pulmóns dunha cidade necesitada de espazos verdes e naturais.

A intervención realizada pola Xunta de Galiza non se limitou ao saneamento ou poda dos exemplares doentes, secos, danados polos temporais ou perigosos para a veciñanza ou para as persoas que acudían ao centro formativo, senón que procedeu a realizar unha corta, propia dunha explotación forestal con fins lucrativos. Explotar no canto de conservar e ordenar. Tanta foi a desfeita medioambiental realizada que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

provocou unha alarma e reacción social que obrigou ao Concello de Ourense a paralizar a execución do arboricidio que se estaba a perpetrar.

Especies como tilos, plátanos de sombra, pradairos, salgueiros, cipreses, enebros, amieiros, chopos ou carballos, con décadas de idade, foron tallados polo pé sen razón algunha que o xustificase, nin sequera -segundo informan dende o propio Concello de Ourense- sen autorización que amparase a súa eliminación do xeito e alcance co que se estaba a realizar.

A actuación descrita foi presuntamente realizada por unha empresa privada que a Xunta de Galiza contratou para a realización da intervención descrita.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera o Goberno Galego que a actuación realizada na Universidade Laboral de Ourense e a súa contorna axústase ao autorizado e ás necesidades medioambientais, de conservación e de ordenación do espazo?

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

María González Albert

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Iria Carreira Pazos

Deputados e deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 26/01/2022 11:50:29

María González Albert na data 26/01/2022 11:50:34

Xosé Luis Bará Torres na data 26/01/2022 11:50:43

Noa Presas Bergantiños na data 26/01/2022 11:50:52

Iria Carreira Pazos na data 26/01/2022 11:51:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as actuacións necesarias para garantir que o sector bancario garanta unha atención presencial mínima para as persoas usuarias.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A profunda transformación do sector bancario nos últimos tres lustros, acelerada baixo as coartadas da crise financeira de 2008 e máis recentemente da pandemia da covid-19, ten múltiples consecuencias nos ámbitos económicos e sociais. A constante oligopolización do sector trouxo canda si unha redución do número de entidades, a bancarización das estruturas e tamén unha forte operación para a redución de custos que trae un adelgazamento da estrutura de persoal e da rede de oficinas presenciais. Así mesmo, nos últimos anos as entidades teñen focalizado a súa actuación na colocación de produtos e impuxeron unha axenda de dixitalización que non contempla a realidade social e económica dos territorios nin as necesidades presenciais que a cidadanía e os negocios teñen.

Diante deste contexto, a reacción do goberno galego, no lugar de impulsar mecanismos públicos alternativos e unha férrea de defensa das e dos consumidores, foi o de regalar fondos públicos á entidade Abanca para que instale caixeiros ao tempo que está a reducir caixeiros, oficinas e postos de traballo no noso país. Todo isto despois de





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

máis dunha década de reestruturación bancaria no que os gobernos centrais de PP e PSOE tiveron un papel fundamental.

Nos últimos anos, ao fío da pandemia, o proceso de destrución de emprego e servizos tense acelerado, como amosan os múltiples ERE do Santander, Caixabank, BBVA, Abanca, etc. Recentemente, o Banco de España informaba nos seus últimos datos, publicados en xaneiro de 2022 respecto do mes de setembro de 2021, de que a banca a nivel do Estado español pechara o 10% das súas oficinas nun ano, atopándose nun mínimo histórico desde o ano 1977, deixándoas en 20.421. Respecto do ano 2008, ano no que se atopaban en máximo histórico, o descenso é de case o 56%.

Galiza foi a terceira comunidade. Despois de Castela e León e de Cataluña, que máis entidades pechou, cun descenso do 14,70% que se traduce no peche de 189 oficinas, que se suman aos peches da última década.

Así mesmo, o pasado 25 de xaneiro de 2022 o Defensor del pueblo pronunciábase respecto da necesidade de facilitar a accesibilidade á atención presencial cando sexa necesaria e unha linguaxe de fácil comprensión no proceso de dixitalización. Facía referencia tanto ás administracións públicas como tamén ao sector bancario, avanzando que se dirixiría ao Banco de España como entidade supervisora para que solicite ás entidades a atención presencial a aquela clientela que o demande, singularmente a aquelas persoas que non contan cos medios, dispositivos ou habilidades para acceder a servizos dixitalizados e caixeiros automáticos.

Esta demanda sucede ademais nun momento no que se popularizaron denuncias de persoas xubiladas que están a recoller sinaturas para poñer fin á situación de falta de servizos que afecta singularmente á xente de maior idade. Cabe sinalar que neste ámbito son cada vez máis as denuncias pola falta de autonomía e privacidade financeira á que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

levan a normalización de que sexan terceiras persoas quen xestionen os seus servizos de banca virtual porque acaba sendo a solución imposta para evitar a exclusión financeira total e absoluta.

Esta situación, pola evolución demográfica do noso país, aféctanos especialmente e a Xunta de Galiza debe abandonar a súa conivencia coa gran banca para esixir dereitos para a cidadanía.

Por estes motivos fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións está a levar a cabo o goberno galego para que a banca cumpra as esixencias sociais e de organismos como o Defensor del pueblo e garantan a atención presencial a quen a demandar?

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2022

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 26/01/2022 12:32:28

Ramón Fernández Alfonzo na data 26/01/2022 12:32:32

Daniel Pérez López na data 26/01/2022 12:32:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno,** sobre as actuacións necesarias para garantir que o sector bancario garanta unha atención presencial mínima para as persoas usuarias.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A profunda transformación do sector bancario nos últimos tres lustros, acelerada baixo as coartadas da crise financeira de 2008 e máis recentemente da pandemia da covid-19, ten múltiples consecuencias nos ámbitos económicos e sociais. A constante oligopolización do sector trouxo canda si unha redución do número de entidades, a bancarización das estruturas e tamén unha forte operación para a redución de custos que trae un adelgazamento da estrutura de persoal e da rede de oficinas presenciais. Así mesmo, nos últimos anos as entidades teñen focalizado a súa actuación na colocación de produtos e impuxeron unha axenda de dixitalización que non contempla a realidade social e económica dos territorios nin as necesidades presenciais que a cidadanía e os negocios teñen.

Diante deste contexto, a reacción do goberno galego, no lugar de impulsar mecanismos públicos alternativos e unha férrea de defensa das e dos consumidores, foi o de regalar fondos públicos á entidade Abanca para que instale caixeiros ao tempo que está a reducir caixeiros, oficinas e postos de traballo no noso país. Todo isto despois de





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

máis dunha década de reestruturación bancaria no que os gobernos centrais de PP e PSOE tiveron un papel fundamental.

Nos últimos anos, ao fío da pandemia, o proceso de destrución de emprego e servizos tense acelerado, como amosan os múltiples ERE do Santander, Caixabank, BBVA, Abanca, etc. Recentemente, o Banco de España informaba nos seus últimos datos, publicados en xaneiro de 2022 respecto do mes de setembro de 2021, de que a banca a nivel do Estado español pechara o 10% das súas oficinas nun ano, atopándose nun mínimo histórico desde o ano 1977, deixándoas en 20.421. Respecto do ano 2008, ano no que se atopaban en máximo histórico, o descenso é de case o 56%.

Galiza foi a terceira comunidade. Despois de Castela e León e de Cataluña, que máis entidades pechou, cun descenso do 14,70% que se traduce no peche de 189 oficinas, que se suman aos peches da última década.

Así mesmo, o pasado 25 de xaneiro de 2022 o Defensor del pueblo pronunciábase respecto da necesidade de facilitar a accesibilidade á atención presencial cando sexa necesaria e unha linguaxe de fácil comprensión no proceso de dixitalización. Facía referencia tanto ás administracións públicas como tamén ao sector bancario, avanzando que se dirixiría ao Banco de España como entidade supervisora para que solicite ás entidades a atención presencial a aquela clientela que o demande, singularmente a aquelas persoas que non contan cos medios, dispositivos ou habilidades para acceder a servizos dixitalizados e caixeiros automáticos.

Esta demanda sucede ademais nun momento no que se popularizaron denuncias de persoas xubiladas que están a recoller sinaturas para poñer fin á situación de falta de servizos que afecta singularmente á xente de maior idade. Cabe sinalar que neste ámbito son cada vez máis as denuncias pola falta de autonomía e privacidade financeira á que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

levan a normalización de que sexan terceiras persoas quen xestionen os seus servizos de banca virtual porque acaba sendo a solución imposta para evitar a exclusión financeira total e absoluta.

Esta situación, pola evolución demográfica do noso país, aféctanos especialmente e a Xunta de Galiza debe abandonar a súa conivencia coa gran banca para esixir dereitos para a cidadanía.

Por estes motivos fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera o goberno galego que despois do peche de case 200 oficinas bancarias no último ano é o inicio do efecto chamada da súa operación de subvencionar caixeiros?

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López na data 26/01/2022 12:33:08

Ramón Fernández Alfonzo na data 26/01/2022 12:33:19

Noa Presas Bergantiños na data 26/01/2022 12:33:27



Á Mesa do Parlamento

Elena Suárez Sarmiento, Diego Calvo Pouso, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Marisol Díaz Mouteira, Begoña Freire Vázquez e Rubén Lorenzo Gómez deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en pleno**.

A mellora dos servizos de abastecemento, saneamento e depuración dos concellos galegos, son unha preocupación e unha ocupación constante na Xunta de Galicia. A pesar de que esta é unha competencia de ámbito estritamente municipal é pública e notoria a implicación técnica e económica do órgano autonómico nesta materia.

O Consello da Xunta de Galicia autorizou o pasado 29 de decembro de 2021 a colaboración co Concello de Vilagarcía de Arousa para un investimento autonómico de 9,88 millóns de euros para a execución das obras de mellora do sistema de saneamento municipal degradado dun xeito moi preocupante na vila.

Sabemos que o obxectivo deste importante investimento é solucionar as graves deficiencias da rede municipal de sumidoiros, desbordada na súa capacidade e con problemas de infiltracións, que ademais de vertidos, producen inundacións constantes e que reducen a garantía sanitaria para a poboación e alteran o tráfico en Vilagarcía.

Estas actuacións forman parte dun programa máis amplo que o Goberno galego vén desenvolvendo nos últimos anos co obxectivo último de acadar o saneamento integral da ría de Arousa e que ten suposto xa importantes investimentos por parte da Administración autonómica.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguintes pregunta oral en pleno:

1. En que consiste o proxecto que ten previsto acometer o Goberno galego en Vilagarcía de Arousa para mellorar o saneamento e apoiar ao Concello de Vilagarcía de Arousa no desenvolvemento das súas competencias municipais de saneamento?

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro 2022.



Asinado dixitalmente por:

María Elena Suárez Sarmiento na data 26/01/2022 12:41:12

Diego Calvo Pouso na data 26/01/2022 12:41:30

Carmen María Pomar Tojo na data 26/01/2022 12:41:43

Ramón Carballo Páez na data 26/01/2022 12:41:59

José Manuel Balseiro Orol na data 26/01/2022 12:42:16

María Sol Díaz Mouteira na data 26/01/2022 12:42:34

Freire Vázquez, María Begoña na data 26/01/2022 12:42:47

Rubén Lorenzo Gómez na data 26/01/2022 12:43:02

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á nova situación de colapso do CHUO denunciada polos profesionais sanitarios no mes de xaneiro de 2022.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante as primeiras semanas de xaneiro de 2020, a Comisión de Centro do Complexo Hospitalario de Ourense e o colectivo de Enfermeiras en Loita estiveron concentrándose diante do centro e denunciando a través de diferentes comunicados unha nova situación de sobrecarga e saturación.

Neste sentido, cómpre lembrar que isto non é a primeira vez que acontece e que aínda no mes de setembro ocorrían acontecementos semellantes con causas similares que non foron subsanadas ao longo do tempo nin adecuadas á evolución da pandemia. A Comisión de Centro vén de denunciar novamente que o servizo de urxencias non deixa de aumentar canto a pacientes debido ao colapso da atención primaria. Durante o nadal e a época posterior a atención primaria atópase en situación crítica pola mala xestión da evolución da variante ómicron, a falta de reforzo de persoal e o bloqueo da capacidade da veciñanza de acudir ao seu centro de referencia ou ser atendido nun prazo razoábel de forma telefónica.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Os problemas da atención sanitaria da cidade, que como outras partes do país está a sufrir as consecuencias do abandono da atención primaria, trae longas esperas para poder ter unha cita presencial ou mesmo telefónica e iso deriva en que un volume importante de persoas vese obrigado a acudir a urxencias por patoloxías que podían atallarse doutra forma e iso agrava a saturación do servizo, que tamén sofre de falta de persoal.

Diante desta situación é necesario que se dote un Plan de choque que permita un investimento urxente de 200 M€ adicionais a nivel galego, que permita contratar máis persoal e dotar de máis medios a atención primaria e que no CHUO se reforce o persoal para evitar esta situación de colapso.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións vai levar a cabo o goberno galego para evitar a recorrente saturación das urxencias hospitalarias de Ourense?

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2022

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 26/01/2022 13:13:32

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 26/01/2022 13:13:35

María Montserrat Prado Cores na data 26/01/2022 13:13:43

Iria Carreira Pazos na data 26/01/2022 13:13:52



Á Mesa do Parlamento

Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Encarna Amigo Díaz, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Rosalía López Sánchez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Galicia ten na actualidade preto de 90 casas niño en servizo distribuídas por todo o territorio galego, entre as que suman preto de 450 prazas gratuítas para nenos de 0 a 3 anos.

O Diario Oficial de Galicia (DOG) ven de publicar a nova convocatoria de axudas para a continuidade das casas niños que conta cun orzamento de 4,7 millóns de euros e inclúe diferentes novidades.

Inclúe un incremento do 10% da subvención que viñan percibindo as titulares destes pequenos centros de atención á primeira infancia, que son totalmente gratuítos para as familias. A subvención elevarase ata os 24.200 euros anuais para as casas que leven tres anos en funcionamento, deste xeito poden facer fronte a gastos derivados da subida da luz ou das pólizas de seguro, entre outros.

Outra das novidades que contempla esta nova convocatoria é unha achega adicional de 500 euros para aquelas casas niño que comezaron a súa actividade en 2016, coa finalidade de facilitar a renovación destes equipamentos máis antigos.

Ademais simplifícanse os trámites para acollerse ás axudas. Por primeira vez a orde ten carácter plurianual, de forma que aquelas titulares que se presenten xa estarán



cubertas de maneira automática para os exercicios 2023 e 2024, o que lles evitará novos trámites administrativos.

O Goberno galego puxo en marcha preto de 90 casas niño e preto de 90 casas do maior coa finalidade de que as familias conten con servizos de conciliación da vida familiar e laboral. Así mesmo, esta iniciativa permitiu a creación de postos de traballo, na súa maioría femininos, o que permite dar unha alternativa ás persoas que desexan vivir nestas contornas.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que balance fai a Consellería de Política Social do incremento das casas niño ata o momento?

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2022



Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 26/01/2022 12:49:23

María Corina Porro Martínez na data 26/01/2022 12:49:36

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 26/01/2022 12:49:49

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/01/2022 12:50:05

Noelia Pérez López na data 26/01/2022 12:50:22

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 26/01/2022 12:50:44

López Sánchez, Rosalía na data 26/01/2022 12:50:58

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Encarna Amigo Díaz, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Rosalía López Sánchez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

O pasado 27 de decembro tivo lugar o acto de sinatura da Axenda Social Única 2024. Este documento servirá de guía para as actuacións que se impulsarán nos vindeiros anos en materia social por parte da Xunta, a Federación galega de municipios e provincias e as entidades sociais de Galicia.

A Axenda Social Única 2020 foi impulsada no ano 2016 entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e as entidades sociais para poñer en común metas, camiños e prioridades. Algunhas das iniciativas postas en marcha a través desta Axenda foron o programa de Vivendas Baleiras, o Bono de alugueiro social ou o programa de mediación contra os desafuzamentos. Tamén unha medida pioneira durante a covid como foi a Tarxeta Básica.

O obxectivo común das 93 medidas desta Axenda Social Única 2024 é atopar solucións para as persoas que precisan un fogar como punto de partida da súa inclusión social; para as persoas que sofren os efectos da fenda dixital; e para as que precisan duns servizos sociais áxiles, modernos e dixitais, con máis eficacia e menos burocracia.

Asemade, contempla a posibilidade de establecer exencións totais ou parciais para as persoas máis vulnerables ás taxas e impostos locais coma o do lixo ou de circulación; e ademais que as solucións tamén son para aquelas persoas que requiren de coidados

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



profesionais nos seus propios domicilios a través do Servizo de Axuda no Fogar, con máis de 24.000 persoas atendidas.

En 2022 a nosa Comunidade vivirá outro gran fito en materia de loita contra a pobreza, a nova Lei de inclusión social de Galicia, que adaptará as prestacións autonómicas á realidade. Reforzarase a Risga para axudar ás familias con menores a cargo a afrontar o pago do alugueiro; e reducirase á metade o tempo de espera e a burocracia, tanto para acceder a unha Risga como a unha axuda puntual de inclusión social.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cal é o balance que fai a consellería de Política Social da Axenda Social Única 2020 e as medidas establecidas na nova Axenda Social Única 2024?

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2022



Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 26/01/2022 12:59:56

María Corina Porro Martínez na data 26/01/2022 13:00:10

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 26/01/2022 13:00:21

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/01/2022 13:00:34

Noelia Pérez López na data 26/01/2022 13:00:52

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 26/01/2022 13:01:11

López Sánchez, Rosalía na data 26/01/2022 13:01:24

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



A Mesa do Parlamento

Ramón Carballo Páez, Encarna Amigo Díaz, Cristina Sanz Arias, José Manuel Balseiro Orol, Elena Candia López, Raquel Arias Rodríguez, Sandra Vázquez Domínguez, Daniel Vega Pérez, Diego Calvo Pouso, Carmen Pomar Tojo, Marisol Díaz Mouteira, Begoña Freire Vázquez e Rubén Lorenzo Gómez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Xunta de Galicia está a executar a construción do primeiro Centro Integral de Saúde de Galicia no barrio da residencia da cidade de Lugo, nas instalacións do antigo hospital materno infantil. Con esta infraestrutura, o Goberno galego reafirma o seu compromiso coa sanidade pública así como coa aposta pola mellora da calidade dos servizos autonómicos.

Estas instalacións contan cun investimento de 12 millóns de euros e sumarán nun mesmo espazo un centro de saúde, un PAC con servizo de urxencias, unha unidade de saúde mental e a base para o 061. En engadido, a veciñanza de Lugo disporá dunhas instalacións máis modernas, amplas e cómodas. Contarán tamén cun novo servizo de fisioterapia, con melloras no servizo de odontoloxía e coa concentración de toda atención de obstetricia e xinecoloxía nun mesmo edificio. A todo isto hai que sumarlle que se incorporarán servizos coma o de radioloxía. O proxecto construtivo está pensado tamén para que o centro sanitario sexa capaz de evolucionar, crecer e adaptarse ás novas demandas que poidan xurdir no futuro.

Esta nova obra supoñerá un gran paso adiante para a atención primaria galega, así como o traslado do actual PAC Fingoi ao futuro CIS. Co espazo que se libera o centro de Fingou ampliará as consultas de atención primaria deste centro, gañando en comodidade tanto para os usuarios coma para os traballadores.

En resume o futuro CIS de Lugo suporá un gran avance na sanidade galega e un exemplo da capacidade do goberno de Galicia de antepoñerse ás circunstancias cos mellores servizos e instalacións posibles para os seus cidadáns.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

En que situación se atopa a obra de construción do novo Centro Integral de Saúde de Lugo?

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2022

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia

@GrupoPopularGal



Asinado dixitalmente por:

Ramón Carballo Páez na data 26/01/2022 13:06:34

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/01/2022 13:06:52

Cristina Sanz Arias na data 26/01/2022 13:07:06

José Manuel Balseiro Orol na data 26/01/2022 13:07:27

María Elena Candia López na data 26/01/2022 13:07:40

Raquel Arias Rodríguez na data 26/01/2022 13:07:59

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Sandra Vázquez Domínguez na data 26/01/2022 13:08:14

Daniel Vega Pérez na data 26/01/2022 13:08:32

Diego Calvo Pouso na data 26/01/2022 13:08:56

Carmen María Pomar Tojo na data 26/01/2022 13:09:08

María Sol Díaz Mouteira na data 26/01/2022 13:09:24

Freire Vázquez, María Begoña na data 26/01/2022 13:09:44

Rubén Lorenzo Gómez na data 26/01/2022 13:09:55



Á Mesa do Parlamento

Elena Candia López, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, José Manuel Balseiro Orol, Ramón Carballo Páez, Cristina Sanz Arias, Sandra Vázquez Domínguez, Daniel Vega Pérez, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López e Rosalía López Sánchez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral**

A provincia de Lugo conta cunha rede de residencias para persoas maiores promovida pola Deputación lucense para cuxa xestión asinou convenios con distintos concellos. A atención directa do seus usuarios, corresponde a empresas privadas ou entidades empresarias do ámbito social, adxudicatarias dos distintos contratos de servizos.

Na actualidade a rede provincial de residencias está integrada polos centros da Fonsagrada, Pedrafita do Cebreiro, Pol, Trabada, Casterverde e Ribadeo e hai outros pendentes de apertura. Todo iso a pesar de que en 2011 o daquela presidente da Deputación de Lugo inaugurou algunhas destas instalacións.

Pola súa banda a Xunta de Galicia, ademais da rede propia, dispón dunha serie de instrumentos de apoio dirixidos aos usuarios das residencias entre outros, axudas en función da capacidade económica e do grao de dependencia dos residentes.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Reciben algún tipo de axudas por parte da Xunta de Galicia os usuarios das residencias da Deputación de Lugo?

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2022



Asinado dixitalmente por:

María Elena Candia López na data 26/01/2022 13:15:30

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/01/2022 13:15:50

Raquel Arias Rodríguez na data 26/01/2022 13:16:12

José Manuel Balseiro Orol na data 26/01/2022 13:16:31

Ramón Carballo Páez na data 26/01/2022 13:16:47

Cristina Sanz Arias na data 26/01/2022 13:17:05

Sandra Vázquez Domínguez na data 26/01/2022 13:17:25

Daniel Vega Pérez na data 26/01/2022 13:17:49

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 26/01/2022 13:18:08

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



María Corina Porro Martínez na data 26/01/2022 13:18:20

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 26/01/2022 13:18:35

José Alberto Pazos Couñago na data 26/01/2022 13:18:49

Noelia Pérez López na data 26/01/2022 13:19:02

López Sánchez, Rosalía na data 26/01/2022 13:19:21

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A atención sanitaria na comarca do Deza permanece, durante anos, a medio camiño entre as propostas incumpridas polo Goberno autonómico e as necesidades detectadas e sinaladas por persoas usuarias e profesionais en practicamente todos os concellos.

A atención primaria sofre unha perda de capacidade asistencial froito da incapacidade de xestión do Goberno autonómico, fundamentalmente en termos de persoal. Recentemente son coñecidos os problemas coa praza de pediatria en Vila de Cruces, onde veciños e veciñas ven como perden a posibilidade de ser atendidos no seu centro de saúde de maneira axeitada, situándose na actualidade nunha hora diaria atendido por persoal doutro centro de saúde que se despraza.

Existe notoria incerteza sobre esta situación, dado que a veciñanza non coñece a real intención sobre o futuro da atención pediátrica, se esta é unha situación que se estabilizará tal e como se atopa agora, se a tendencia será a eliminala definitivamente ou terá a previsión de retomar a asistencia pediátrica como estaba anteriormente.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que solución prevé o goberno da Xunta de Galicia para a situación da atención pediátrica en Vila de Cruces?

Pazo do Parlamento, 26 de xaneiro do 2022

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 26/01/2022 12:08:41

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2022 13:45:59
Nº Rexistro: 28996
Data envío: 26/01/2022 13:45:59.960

Marina Ortega Otero na data 26/01/2022 12:08:47

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A atención sanitaria en Lalín e a comarca do Deza permanece, durante anos, a medio camiño entre as propostas incumpridas polo Goberno autonómico e as necesidades detectadas e sinaladas por persoas usuarias e profesionais en practicamente todos os concellos.

A atención primaria sofre unha perda de capacidade asistencial froito da incapacidade de xestión do Goberno autonómico, fundamentalmente en termos de persoal. Recentemente son coñecidos os problemas coa praza de pediatría en Vila de Cruces, onde veciños e veciñas ven como perden a posibilidade de ser atendidos no seu centro de saúde de maneira axeitada, situándose na actualidade nunha hora diaria atendido por persoal doutro centro de saúde que se despraza.

En Rodeiro a situación tamén presenta dificultades, coa continuada rotación de profesionais que non cobren todas as prazas, o que provoca unha elevada saturación para as persoas profesionais coa conseguinte perda de calidade asistencial.

Lalín, como cabeza de comarca, vén sufrindo especialmente o problema da falta de medios materiais e humanos, arrastrando dende hai anos unha perda de calidade do servizo froito dunha instalación avellentada e déficits estruturais incluso en construcións como foi o caso do PAC e os seus espazos. A todo este problema dende o Partido Socialista e o anterior goberno municipal en Lalín trataron de poñerlle solución impulsando a promesa incumprida dun Centro Integral de Saúde para esta localidade, que o PP rexeitou sistematicamente dende o goberno da Xunta de Galicia e o Parlamento de Galicia ata que o Goberno municipal foi retomado polo propio Partido Popular e, só entón, foi retomado ese proxecto. Tras un anuncio de 9 millóns de euros de investimento só para 2021, os avances producidos son incertos e está no aire concretar canto do orzamento anunciado foi realmente executado.

O transporte sanitario é outro dos elementos relevantes, pois o Deza é unha comarca con dificultades de comunicación, moi extensa, con poboación moi envellecida e con distancias maiores que outras ao hospital de referencia. Por iso



debe ser especialmente atendida en termos de atención sanitaria urxente, pois os problemas que se poden resolver a través deste sistema ten especial importancia nunha situación coma esta. O Pleno municipal xa aprobou unha iniciativa, a proposta do Grupo Socialista, que demandaba a necesidade dunha nova ambulancia medicalizada para Lalín, e o propio Partido Socialista ofreceu acordos para resolver a situación con solucións escalonadas como a chegada dunha ambulancia SVB 24h mentres non se achegue a necesaria medicalizada. Esta necesidade, incluída no programa electoral local do propio Partido Popular de Lalín e anunciada polo presidente Núñez Feijoo no Parlamento de Galicia como resposta ao triste incidente ocorrido en Dozón en 2019 no que faleceu un home tras esperar 46 minutos por unha ambulancia, nunca foi cumprida.

A situación sanitaria de Lalín e toda a comarca do Deza precisa dun avance e de que se cumpran as promesas que, de maneira recorrente, fanse dende o Goberno autonómico pero non se concretan nin progresan como deben.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera o goberno da Xunta de Galicia que a atención sanitaria a Lalín e á comarca do Deza é plenamente satisfactoria?

Pazo do Parlamento, 26 de xaneiro do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Marina Ortega Otero

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 26/01/2022 12:09:25

Marina Ortega Otero na data 26/01/2022 12:09:32



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A atención sanitaria en Lalín e a comarca do Deza permanece, durante anos, a medio camiño entre as propostas incumpridas polo Goberno autonómico e as necesidades detectadas e sinaladas por persoas usuarias e profesionais en practicamente todos os concellos.

A atención primaria sofre unha perda de capacidade asistencial froito da incapacidade de xestión do Goberno autonómico, fundamentalmente en termos de persoal. Recentemente son coñecidos os problemas coa praza de pediatría en Vila de Cruces, onde veciños e veciñas ven como perden a posibilidade de ser atendidos no seu centro de saúde de maneira axeitada, situándose na actualidade nunha hora diaria atendido por persoal doutro centro de saúde que se despraza.

En Rodeiro a situación tamén presenta dificultades, coa continuada rotación de profesionais que non cobren todas as prazas, o que provoca unha elevada saturación para as persoas profesionais coa conseguinte perda de calidade asistencial.

Lalín, como cabeza de comarca, vén sufrindo especialmente o problema da falta de medios materiais e humanos, arrastrando dende hai anos unha perda de calidade do servizo froito dunha instalación avellentada e déficits estruturais incluso en construcións como foi o caso do PAC e os seus espazos. A todo este problema dende o Partido Socialista e o anterior goberno municipal en Lalín trataron de poñerlle solución impulsando a promesa incumprida dun Centro Integral de Saúde para esta localidade, que o PP rexeitou sistematicamente dende o goberno da Xunta de Galicia e o Parlamento de Galicia ata que o Goberno municipal foi retomado polo propio Partido Popular e, só entón, foi retomado ese proxecto. Tras un anuncio de 9 millóns de euros de investimento só para 2021, os avances producidos son incertos e está no aire concretar canto do orzamento anunciado foi realmente executado.

O transporte sanitario é outro dos elementos relevantes, pois o Deza é unha comarca con dificultades de comunicación, moi extensa, con poboación moi envellecida e con distancias maiores que outras ao hospital de referencia. Por iso



debe ser especialmente atendida en termos de atención sanitaria urxente, pois os problemas que se poden resolver a través deste sistema ten especial importancia nunha situación coma esta. O Pleno municipal xa aprobou unha iniciativa, a proposta do Grupo Socialista, que demandaba a necesidade dunha nova ambulancia medicalizada para Lalín, e o propio Partido Socialista ofreceu acordos para resolver a situación con solucións escalonadas como a chegada dunha ambulancia SVB 24h mentres non se achegue a necesaria medicalizada. Esta necesidade, incluída no programa electoral local do propio Partido Popular de Lalín e anunciada polo presidente Núñez Feijoo no Parlamento de Galicia como resposta ao triste incidente ocorrido en Dozón en 2019 no que faleceu un home tras esperar 46 minutos por unha ambulancia, nunca foi cumprida.

A situación sanitaria de Lalín e toda a comarca do Deza precisa dun avance e de que se cumpran as promesas que, de maneira recorrente, fanse dende o Goberno autonómico pero non se concretan nin progresan como deben.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cando vai ser cumprido o anuncio de que habería unha nova ambulancia en Lalín que realizou o presidente da Xunta de Galicia no Pleno do Parlamento de Galicia?

Pazo do Parlamento, 26 de xaneiro do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 26/01/2022 12:09:56

Marina Ortega Otero na data 26/01/2022 12:10:04



Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, Ovidio Rodeiro Tato, Elena Suárez Sarmiento, Carlos Gómez Salgado, José Luis Ferro Iglesias, Moisés Rodríguez Pérez e Felisa Rodríguez Carrera deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en pleno polo trámite urxencia**.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que a Xunta de Galicia explique cales foron as liñas de actuación en materia cultural no ano 2021 pola especial importancia deste ámbito.

Galicia foi a primeira Comunidade Autónoma en aprobar un Plan de Reactivación específico para o sector cultural. Esta folla de ruta foi clave para vertebrar as políticas culturais ao longo de 2020 e, sobre todo, para atender as necesidades dun sector que se viu especialmente afectado pola crise sanitaria.

Se no 2020 foi imprescindible dar resposta á nova realidade da cultura galega, durante o ano 2021, coa mellora dos datos epidemiolóxicos, a Xunta de Galicia tivo que afrontar un reto distinto: colaborar en sentar as bases para que o sector cultural puidese volver á senda de crecemento e ás cifras en positivo previas á pandemia.

No mes de novembro, coñecemos a cuarta conxuntura estatística do ámbito cultural en Galicia, un estudo realizado polo Observatorio da Cultura do Consello da Cultura Galega que achegaba unha serie de resultados moi prometedores.

Entre eles, poñía o foco sobre as cifras de emprego cultural, que non só melloraban as de antes da pandemia, senón que situaban a Galicia como unha das catro Comunidades Autónoma nas que aumentaba o número de empregados neste tipo de actividades. Tamén destacaba o aumento do ritmo de creación de empresas e evidenciaba a tendencia de recuperación que debuxaron, durante o ano 2021, as actividades artísticas e recreativas.

Sen dúbida, estes resultados, están ligados ás políticas públicas que ven desenvolvendo a Xunta de Galicia desde o inicio da crise sanitaria. O propio



Observatorio destacou o incremento do gasto en cultura realizado polo Goberno galego nos últimos cinco anos e, especialmente, no marco da pandemia.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en pleno:

Cal é o balance que realiza o Goberno galego das políticas culturais levadas en Galicia durante o ano 2021?

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro 2022.

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 27/01/2022 17:00:23

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



María Elena Suárez Sarmiento na data 27/01/2022 17:00:35

Ovidio Rodeiro Tato na data 27/01/2022 17:00:53

Rodríguez Pérez, Moisés na data 27/01/2022 17:01:01

Gómez Salgado, Carlos na data 27/01/2022 17:01:08

José Luis Ferro Iglesias na data 27/01/2022 17:01:14

María Felisa Rodríguez Carrera na data 27/01/2022 17:01:30

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Miguel Ángel Tellado Filgueira, Rosalía López Sánchez, Begoña Freire Vázquez, Adrián Pardo López, Diego Calvo Pouso, Borja Vereas Fraiz, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Sanz Arias, José Antonio Armada Pérez e Moisés Rodríguez Pérez deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade de saber canto antes a posición do Goberno galego en relación cunha cuestión tan relevante

Os traballadores da factoría coruñesa de Alu Ibérica están a vivir unha situación límite, cun ERTE que rematará no mes de maio e cun futuro incerto para a continuidade da fábrica. De feito, cada día que pasa é un día menos para lograr que esta planta de aluminio na Coruña poida continuar a súa actividade.

Unha fábrica que leva sendo a vítima da apatía do Goberno central: en primeiro lugar sendo os promotores dunha mala venda, da que xa advertiu o Goberno galego; e en segundo lugar, pola inmovilidade do Goberno central a hora de conseguir un prezo enerxético estable e competitivo.

A solución para Alu Ibérica non pasa por falar da recolocación dos traballadores da factoría, senón que pasa pola busca de alternativas que permitan contar cun proxecto sólido e viable que dea continuidade á actividade produtiva e o emprego, que conte coa colaboración entre as administracións e o propio persoal da fábrica para atopar unha saída que faga posible a reactivación da planta da man dun socio industrial.



Neste sentido, un exemplo que cabe destacar é a elaboración do caderno de vendas realizado pola Xunta de Galicia cun equipo técnico formado por membros do cadro de persoal de Alu Ibérica, que ofrece diferentes escenarios industriais que garantirían a solvencia da planta de aluminio.

Aínda que todo isto é inútil mentres o Goberno central non asuma a responsabilidade que lle corresponde neste proceso e non garanta un prezo da electricidade similar ao doutros países europeos. Sirva como exemplo que na última semana a industria electrointensiva en España paga un prezo final próximo a 183€/MWh, que representa máis do dobre que en Francia e un 30% máis que en Alemaña, o que está a prexudicar a todo o sector, como puidemos ver recentemente na fábrica de Alcoa en San Cibrao e noutras industrias da costa cantábrica.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte pregunta oral en Pleno:

- Que información dispón a Xunta de Galicia sobre a situación na que se atopa a planta de Alu Ibérica na Coruña en relación coa implicación do Goberno de España na procura dunha solución de futuro que permita manter a actividade industrial e o emprego?

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 31/01/2022 12:38:00

López Sánchez, Rosalía na data 31/01/2022 12:38:32

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Freire Vázquez, María Begoña na data 31/01/2022 12:39:19

Pardo López, Adrián na data 31/01/2022 12:42:27

Diego Calvo Pouso na data 31/01/2022 12:42:37

Borja Vereá Fraiz na data 31/01/2022 12:44:25

Marta Nóvoa Iglesias na data 31/01/2022 12:44:40

Cristina Sanz Arias na data 31/01/2022 12:45:54

José Antonio Armada Pérez na data 31/01/2022 12:48:15

Rodríguez Pérez, Moisés na data 31/01/2022 12:48:48



Á Mesa do Parlamento

Borja Vereza Fraiz, Paula Prado del Rio, Carmen María Pomar Tojo, Ovidio Rodeiro Tato, Miguel Ángel Tellado Filgueira, Adrián Pardo López, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Sanz Arias, José Antonio Armada Pérez e Moisés Rodríguez Pérez deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade de saber canto antes a posición do Goberno galego en relación cunha cuestión tan relevante

A pesar dos acordos acadados o 17 de marzo de 2021 no Parlamento de Galicia e o 28 de setembro de 2021 no Congreso dos Deputados, o Goberno do Estado non incorporou a ampliación das desgravacións fiscais ao Xacobeo ao proxecto de Orzamentos Xerais do Estado para 2022, e mesmo de xeito totalmente incomprensible o grupo socialista e mais os grupos políticos que apoian ao Goberno de Pedro Sánchez rexeitaron a emenda presentada neste senso polo Grupo Popular na tramitación parlamentaria dos Orzamentos Xerais do Estado para 2022.

O Pleno do Parlamento de Galicia do pasado 26 de xaneiro de 2022 aprobou novamente, a instancias do Grupo Popular, e por unanimidade, solicitarlle ao Goberno de Pedro Sánchez que reconsidere a súa negativa e estenda as desgravacións fiscais aos patrocinadores do Xacobeo 21-22 ate o 31 de decembro de 2023.

Os anos xacobeos teñen dado lugar, desde o renacemento da peregrinación a Santiago a finais do século pasado, a unha verdadeira explosión económica, co desenvolvemento de novas actividades nos pobos polos que pasan os camiños a Compostela, o mantemento da poboación, o desenvolvemento do turismo e a hostalería neses camiños, e en xeral a toda a actividade económica da que se beneficia non só Galicia, senón todas as Comunidades Autónomas atravesadas polos camiños a Santiago.

Así, esta ampliación do prazo das desgravacións fiscais aos patrocinadores do Xacobeo 21-22 ata o 31 de decembro de 2023 permitiría seguir potenciando a colaboración público-privada tan necesaria e que tan bos resultados está a dar, de

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia

@GrupoPopularGal



xeito que numerosas empresas contribúen á promoción deste evento e as súas consecuencias positivas na reactivación económica son patentes.

É por isto polo que, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta ao Goberno:

- Cal é a opinión do Goberno sobre as consecuencias de que as desgravacións fiscais aos patrocinadores do Xacobeo non se estendan ate o 31 de decembro de 2023?

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Borja Verea Fraiz na data 31/01/2022 12:25:22

Paula Prado del Río na data 31/01/2022 12:26:12

Carmen María Pomar Tojo na data 31/01/2022 12:27:32

Ovidio Rodeiro Tato na data 31/01/2022 12:28:05

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 31/01/2022 12:28:45

Pardo López, Adrián na data 31/01/2022 12:29:10

Marta Nóvoa Iglesias na data 31/01/2022 12:29:27

Cristina Sanz Arias na data 31/01/2022 12:30:19

José Antonio Armada Pérez na data 31/01/2022 12:30:35

Rodríguez Pérez, Moisés na data 31/01/2022 12:30:55

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Alexandra Fernández Gómez e Carme González Iglesias, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**, relativa a necesidade de ofertar bacharelato de artes no Concello de Redondela.

Xustificación da urxencia

A urxencia motívase na demanda da veciñanza de Redondela que reclama a ampliación da oferta educativa existente.

Exposición de motivos

Hai anos que a vila de Redondela adoce dunha eiva fundamental na súa oferta educativa. A oferta de bacharelatos neste concello non contempla a posibilidade de que as mozas e mozos de Redondela poidan estudar o bacharelato de artes no seu concello.

Na actualidade calquera alumno ou alumna de Redondela que queira cursar os seus estudos de bacharelato de arte non ten máis remedio que facelo fóra do seu concello. A oferta destes estudos máis próxima atópase no concello de Mos, un centro educativo no que a oferta de artes fica todos os anos saturada con ducias de alumnos que non acadan praza.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A falta de prazas para o alumnado desta vila ten, por unha banda, un efecto disuasorio para aquel alumnado que puidera ter como primeira opción eses estudos de arte, dada a falta de oferta no concello de Redondela. Mais pola outra, ten tamén un importante custe económico; xa que obriga ás familias que apostan polos estudos artísticos a teren que pagar desprazamentos a Vigo ou a Pontevedra, co consecuente impacto nas economías .

Redondela foi historicamente un concello coñecido polo seu dinamismo cultural e artístico e conta con ducias de asociacións e movementos artísticos e culturais implicados na vida da vila. É evidente pois, que unha oferta de estudos de arte neste concello percíbese como unha necesidade urxente por toda a veciñanza de Redondela.

Na actualidade, na vila de Redondela hai 3 institutos de ensino secundario: o IES Mendiño, o IES Pedro Floriani e o IES Illa de San Simón; este último un IES que só conta con oferta de ESO. Ningún destes institutos ten oferta de bacharelato de artes.

Hai xa varias semanas que neste Parlamento, na Comisión 4ª, acadouse un acordo unánime para dotar Redondela dun bacharelato de artes. No acordo establecíase que a Consellaría, ofertaría o bacharelato de artes en Redondela no proceso de preinscrición e, de haber demanda, dotaría esta vila destes estudos.

Mais aberto o prazo de preinscrición, o alumnado de Redondela non pode matricularse no bacharelato de artes en ningún dos centros da vila; evidenciando que a Consellaría de Educación mentiu e a pesar do acordo parlamentario, non ofertou estes estudos.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En consecuencia, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través do deputado e das deputadas asinantes, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:

Vai o goberno galego explicar por que non ofertou no proceso de preinscrición a opción de bacharelato de artes no concello de Redondela e solucionar os problemas creados ofertando esta modalidade nalgún dos institutos da vila?

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Alexandra Fernández Gómez

Carme González Iglesias

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 31/01/2022 13:49:43

María do Carme González Iglesias na data 31/01/2022 13:49:52

Alexandra Fernández Gómez na data 31/01/2022 13:50:02



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Juan Carlos Francisco Rivera, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno.

Xustificación da urxencia. A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Goberno galego explique, canto antes, neste Parlamento, a súa valoración sobre as deficiencias do transporte interurbano na comarca do Eume.

Dende hai aproximadamente un ano, que comezou a nova adjudicataria a prestar o servizo de transporte interurbano de viaxeiros por estrada, na Comarca do Eume son numerosas as queixas dos usuarios e usuarias en relación a este servizo, debido a atrasos e reducións de frecuencias e horarios, e nomeadamente en diversos servizos na liña que comunica Pontedeume coas cidades de Ferrol e A Coruña (XG871).

Dende o comezo da prestación deste servizo pola nova empresa adjudicataria por parte do Concello de Pontedeume foron numerosas as ocasións nas que se lle trasladou á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia a necesidade de que se adoptasen as medidas necesarias para o correcto funcionamento deste servizo, o ter detectadas numerosas deficiencias.

Na auditoría realizada pola Consellería e remitida recentemente ao Concello de Pontedeume recollíase a proposta de reforzar servizos e frecuencias nun 11 % dando prioridade ás horas puntas da mañá, de mediodía e da tarde para favorecer a conciliación da vida familiar e laboral e estudantil. Pero lonxe desta mellora a Xunta de Galicia, sen previo aviso, na semana do 10 de xaneiro deste ano, procedeu á supresión de varias liñas deste servizo.

Por parte da veciñanza eumesa, así como polos concellos da bisbarra afectados piden unha solución inmediata a estes problemas, restituíndo as liñas suprimidas recentemente, así como solicitando un incremento de servizos que cubran as necesidades da cidadanía da Comarca do Eume tal e como se acordara nos últimos meses.



Son necesarias melloras neste servizo de transporte interurbano que pasan por: recuperar os servizos que ofrecía a anterior empresa adxudicataria, aumentar as frecuencias, gratuidade deste servizo para os estudantes e unha información veraz sobre os horarios.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, preguntan:

Pensa o Goberno galego dar unha solución rápida aos numerosos problemas que está a padecer a veciñanza da Comarca do Eume como consecuencia do mal funcionamento do transporte interurbano de viaxeiros por estrada, nomeadamente trala recente supresión de varias liñas sen previo aviso e que ten consecuencias negativas tamén entre os menores de idade usuarios del?

Pazo do Parlamento, 31 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 31/01/2022 17:33:43

Juan Carlos Francisco Rivera na data 31/01/2022 17:33:56



Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez, portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno, dirixida ao Sr. presidente da Xunta de Galicia.

Sr. presidente, cales son as liñas estratéxicas do seu goberno para facer efectivo o acceso á vivenda?

Pazo do Parlamento, 31 de xaneiro de 2022

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 31/01/2022 17:32:07





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente do Goberno**, para a súa resposta **oral en Pleno**.

PREGUNTA AO PRESIDENTE:

Que pensa facer o seu goberno para que a mocidade galega deixe de estar á cola en emancipación?

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 31/01/2022 17:36:54



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

